


MAREMAGNUM

publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo

 n° 21 - 2017

SAÚDE E AUTISMO



SAÚDE E AUTISMO

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

AUTISMO GALICIA

Nº 21. Ano 2017

Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
cjimenez@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Emma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Manuel Ojea Rúa

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rosa María Rodríguez García

Ilustración portada

Alfonso Costa

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

— GALEGO —

7

SAÚDE E AUTISMO

Editorial

13

A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA:
FEITOS E OPORTUNIDADES

Pilar Farjas Abadía e Beatriz Pais Iglesias

25

PROGRAMA TEAyudamos

MODELO DE ADAPTACIÓN INCLUSIVA DO ÁMBITO SANITARIO

Toribio Rubio, B.; Galera Arredondo, M. E.; Antúnez Antúnez, M. A.;
Gómez Díaz, M. C.; Ramos Pereiro, J.; Rodríguez Vidal, V. M.; Trápaga Andrés, N.;
Rodríguez Díaz, R.; Lospitao Gómez, S.; Colino Romay, E. I.; Muñoz Lomas, F.

37

SERVIZOS SANITARIOS E PERSOAS CON AUTISMO

Beatriz Pais Iglesias

47

O DEREITO Á SAÚDE ORAL: PROXECTO DE FACILITACIÓN DO ACCESO
Á CONSULTA ODONTOLÓXICA A PERSOAS ADULTAS CON TEA

Raúl Crespo García, Reyes Bernal Fernández e Silvia Eiroa Santos

57

SISTEMAS SANITARIOS EQUITATIVOS, EFECTIVOS E CON MÁIS VALOR

Teresa de J. García Barcala e Cristina Couto Pena

65

SAÚDE E BOAS PRÁCTICAS NAS PERSOAS CON TEA
Cipriano Luis Jiménez Casas, Pilar Pardo Cambra, Berta Meijide Rico,
Antía Fernández Castro e Ana Fernández Araujo

75

CAMBIO DE PAPEIS NA FUNCIÓN SOCIAL DO MÉDICO
(Reflexións sobre unha peripecia)
Manuel Sánchez Salorio

87

ATENCIÓNS MÉDICO-SOCIAIS
AOS PEREGRINOS NA CIDADE DE SANTIAGO
José Carro Otero

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

101

SALUD Y AUTISMO
Editorial

107

LA INNOVACIÓN TECNOLÓGICA EN LA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA:
HECHOS Y OPORTUNIDADES
Pilar Farjas Abadía y Beatriz Pais Iglesias

119

PROGRAMA TE Ayudamos
MODELO DE ADAPTACIÓN INCLUSIVA DEL ÁMBITO SANITARIO
Toribio Rubio, B.; Galera Arredondo, M.E.; Antúnez Antúnez, M.A.; Gómez Díaz,
M.C; Ramos Pereiro, J; Rodríguez Vidal, V.M; Trápaga Andrés, N; Rodríguez Díaz,
R; Lospitao Gómez, S; Colino Romay, E.I; Muñoz Lomas, F.

131

SERVICIOS SANITARIOS Y PERSONAS CON AUTISMO
Beatriz Pais Iglesias

141

EL DERECHO A LA SALUD ORAL:
PROYECTO DE FACILITACIÓN DEL ACCESO A LA CONSULTA
ODONTOLÓGICA A PERSONAS ADULTAS CON TEA
Raúl Crespo García, Reyes Bernal Fernández y Silvia Eiroa Santos

151

SISTEMAS SANITARIOS EQUITATIVOS, EFECTIVOS Y CON MÁS VALOR
Teresa de J. García Barcala y Cristina Couto Pena

159

SALUD Y BUENAS PRÁCTICAS EN LAS PERSONAS CON TEA
Cipriano Luis Jiménez Casas, Pilar Pardo Cambra, Berta Meijide Rico,
Antía Fernández Castro y Ana Fernández Araujo

169

CAMBIO DE PAPELES EN LA FUNCIÓN SOCIAL DEL MÉDICO
(Reflexiones sobre una peripecia)
Manuel Sánchez Salorio

181

ATENCIÓNES MEDICO-SOCIALES,
A LOS PEREGRINOS, EN LA CIUDAD DE SANTIAGO
José Carro Otero

SAÚDE E AUTISMO

Editorial

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define o termo saúde como “o estado completo de benestar físico e social que ten unha persoa”. Esta definición é o resultado dunha evolución conceptual e xorde do cambio dunha noción que se tivo durante moito tempo que presumía que a saúde era, simplemente, a ausencia de enfermidades biolóxicas. A partir dos anos 50, a OMS revisa esta definición e finalmente cámbiaa por esta nova, na que a noción de benestar humano transcende o puramente físico. Neste contexto, a Organización Panamericana da Saúde achega un dato máis, que é que a saúde tamén ten que ver co medio ambiente que rodea a persoa.

A definición da OMS é revisada polo doutor Floreal Ferrara, que trata de completala circunscibíndoa a tres áreas distintas: saúde física, saúde mental e saúde social. Porén, a isto hai que lle engadir outros compoñentes, como: adaptación ao medio (biolóxico e cultural), estado fisiolóxico de equilibrio, equilibrio entre a forma e a función do organismo (alimentación), perspectiva biolóxica e social (relacións familiares, hábitos) e a saúde ocupacional (ámbito laboral, condicións físicas do traballador e condicións psicolóxicas).

Outro aspecto no que se centra a caracterización da OMS, que pertence á ONU, é a organización da saúde pública, que fai referencia a todas as medidas que poidan tomarse desde os organismos xestionados polo Estado para a prevención de doenzas e discapacidades, para a prolongación da vida e para a educación dos individuos no que ten que ver coa hixiene persoal. A OMS afirma que “a saúde é parte da responsabilidade dos gobernos, a través da mellora dos hospitais públicos, do fomento da iniciativa privada, da concepción de que a saúde é un dereito de todos os individuos e da protección do medio ambiente”.

A saúde é un principio básico na vida das persoas e, neste principio, “as persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA) son uns cidadáns máis que, no ámbito da saúde e da asistencia sanitaria, poden presentar singularidades e especialidades que o sistema sanitario ten que atender e ao que ten que

responder” (Cermi-Insalud). Porén, as persoas con TEA teñen necesidades asistenciais complexas e requiren dunha gama de servizos integrados que inclúan a promoción da saúde, a atención, os servizos de rehabilitación e a colaboración con outros sectores, coma o educativo, o laboral e o social.

As intervencións dirixidas ás persoas con TEA deben acompañarse de medidas máis xerais que fagan que os seus ámbitos físicos, sociais e de actitudes sexan máis accesibles e inclusivos. Algunhas persoas con TEA poden vivir de maneira independente e outras, gravemente dependentes, precisan apoios ao longo de toda a súa vida. Nestes casos, o empoderamento das familias e dos cuidadores é recoñecido cada vez máis como un compoñente da asistencia nos servizos de saúde ás persoas con TEA.

As persoas con TEA poden ter os mesmos problemas de saúde que ten o resto da poboación. Adoitan sufrir estigmatización e discriminación, particularmente privacións inxustas en materia de saúde, así como tamén na educación e nas oportunidades que teñen de participar nas súas comunidades. A estes problemas de saúde propios da poboación xeral poden engadirse necesidades especiais relacionadas co propio TEA e outras afeccións comórbidas. Presentan bastantes opcións de padecer enfermidades non transmisibles crónicas debido a factores de risco, como a inactividade física ou malas preferencias dietéticas, e é bastante probable que sexan obxecto de violencia, lesións e abusos. Por outra banda, teñen máis necesidades sanitarias desatendidas e son máis vulnerables en caso de emerxencia humanitaria, dadas as comorbilidades médicas ou os problemas na comunicación e na alimentación. Por todo isto, é preciso que se elaboren guías de actuación para casos de urxencias, de problemas alimentarios e de práctica clínica para o manexo deste tipo de pacientes en atención primaria.

En maio de 2014, a 57.^a Asemblea Mundial da Saúde (OMS) aprobou a resolución “Medidas integrais e coordinadas para xestionar os TEA”, que foi apoiada por máis de 60 países. Esta resolución da OMS propón a colaboración cos Estados membros e organismos asociados no fortalecemento das capacidades nacionais para abordar os TEA e outros problemas do desenvolvemento, a través de medidas integrais e coordinadas para xestionar os TEA (Resolución da Asemblea Mundial da Saúde WHA67.8, páx. 13). A resposta da OMS e dos seus asociados recoñece a necesidade de fortalecer a capacidade dos países para promover unha saúde e un benestar para todas as persoas con TEA. Os esforzos céntranse nos seguintes aspectos: aumento do compromiso dos gobernos e das actividades internacionais de promoción en relación cos TEA, proporcionar orientación para a formulación de políticas e plans de acción que aborden os TEA no marco máis xeral da saúde mental e das discapacidades e contribuír á obtención de probas sobre as estratexias que son efectivas e aplicables a grande escala para avaliar e tratar os TEA e outros trastornos do des-

envolvemento. A OMS, en colaboración con expertos, asociacións de pais e organizacións da sociedade civil, elaborou un programa de capacitación dos pais que está sendo probado sobre o terreo, é o Programa OMS de capacitación dos pais para o coidado de nenos e nenas con TEA.

As boas prácticas en atención sanitaria e a saúde nos TEA recollen os seguintes puntos:

1. Sensibilizar e formar os profesionais da sanidade de cara a unha atención diferenciada e especializada das persoas con TEA, fundamentalmente as profesións de atención primaria e atención temperá.
2. Sensibilizar e formar os profesionais da sanidade no ámbito da atención especializada de cara a un mellor coñecemento dos TEA, a través da vixilancia da súa saúde, da adaptación dos procedementos de diagnóstico e de atención nas consultas médicas, da achega de materiais con axudas visuais, da adaptación dos tempos de espera etc.
3. Desenvolver e divulgar materiais dirixidos aos profesionais sanitarios de referencia dentro da rede pública de servizos, así como protocolos de atención específica para as persoas con TEA.

Neste n.º 21 do ano 2017 da revista *Maremagnum*, os distintos autores e autoras achegan, desde diferentes ópticas ligadas aos seus respectivos campos profesionais de actuación, respostas e visións arredor da proposta: “Saúde e persoas con trastorno do espectro do autismo”.

Pilar Farjas Abadía e Beatriz Pais Iglesias desenvolven o tema “Innovación tecnolóxica na atención sociosanitaria: feitos e oportunidades”, un tema innovador e necesario de cara a obter unha mellor calidade asistencial, por medio da figura do paciente empoderado e responsable da súa saúde, e a través da plataforma É-Saúde e do Proxecto 100.

O programa TEAyudamos, coordinado por B. Toribio Rubio, preséntanos o Modelo de adaptación inclusiva do ámbito sanitario. Trátase dun programa en rede de adaptación sanitaria para persoas con TEA, baseado na adaptación visual, profesional e funcional dos servizos de saúde, e que se desenvolve no Hospital Universitario de Fuenlabrada (Madrid).

Beatriz Pais Iglesias, no seu artigo “Servizos sanitarios e persoas con autismo”, coméntanos os cambios de tipo organizativo na área sanitaria para afrontar os novos retos que as persoas con necesidades especiais nos demandan, co fin de introducir as mellores iniciativas a prol das persoas con TEA.

Raúl Crespo García, Reyes Bernal Fernández e Silvia Eiroa Santos, en “O dereito á saúde oral, proxecto para facilitar o acceso á consulta odontolóxica

de persoas adultas con TEA”, detectan a necesidade de mellorar a atención odontolóxica que recibían as persoas con TEA, a través dun programa de desensibilización odontolóxico.

Teresa de Jesus García Barcala e Cristina Couto Pena fálannos dos “Sistemas sanitarios equitativos, efectivos e con maior valor”, para o que parten da idea de que a saúde como principio esencial require unha atención integral ao longo do ciclo vital que se ha presentar con garantías de efectividade, equidade e eficiencia.

Cipriano L. Jiménez Casas, Pilar Pardo Cambra, Berta Meijide Rico, Antía Fernández Castro e Ana Fernández Araújo, na súa colaboración “Saúde e boas prácticas en persoas con TEA”, constatan que as necesidades das achegas ao Sistema Galego de Saúde das persoas con TEA precisan dunha valoración individual.

As colaboracións neste n.º 21 da revista *Maremagnum*, nos puntos que denominamos culturais ou especiais, teñen un carácter altamente significativo por varias razóns: Manuel Sánchez Salorio foi un dos mellores profesores que tiveron durante os meus estudos de Medicina na USC e, en canto a José Carro Otero, coincide que foi compañeiro e amigo de facultade. Do profesor Salorio, tal como se lle chamaba na Facultade de Medicina, sabiamos da súa enorme competencia na cátedra que ocupaba de Oftalmoloxía, pero non tanto da súa enorme cultura e sabedoría no mundo das humanidades. Profesionalmente, creou a Escola de Oftalmoloxía da USC, e dela saíron non sei se media ducia ou máis de discípulos talentosos que ocuparon cátedras noutras facultades do Estado.

Lin o traballo que enviou amablemente á revista *Maremagnum* o profesor Salorio, que leva por título “Cambio de papeis na función social do médico”, e non me importa comentar que ademais de lelo varias veces en diferentes días acabei por facerme a min mesmo unha especie de resumo coa idea de aprendelo e memorizalo e, por suposto, de comentalo con amigos e de enviálo confidencialmente, antes de que se fixese público, a case todos os demais autores que colaboran neste número da revista. Nada máis recibilo, sobre todo os colegas e os psicólogos remitíronme cadanseu correo para dicirme a ledicia que tiveron ao ler o artigo do profesor Salorio, que aos seus 86 anos aínda está na brecha. Moitas primaveras máis, profesor Salorio, como diría Cunqueiro!! Foi un pracer coñecelo, primeiro como mestre, e agora como un amigo.

O profesor José Carro Otero enviounos o artigo “Atencións medico-sociais aos peregrinos na cidade de Santiago”. De Pepe Carro non podo evitar comentar que, cando faciamos primeiro curso de Medicina na USC, o profesor Echeverri de Anatomía, nun momento da clase para e, de súpeto, colle o esfe-noide, e chámamos por lista para preguntarnos polo óso. Todos van recibindo

un cero ata chegar a Carro Otero, que colle o esfenoide, xírao dun lado para outro e dános un recital do que tal había naquel complicado óso. Echeverri, na metade da disertación, parouno e díxolle: “Ten vostede matrícula de honra, non ten que examinarse e ademais, desde xa, será nomeado alumno interno de anatomía”!! Abraizados polo acontecido, posteriormente soubemos que Pepe Carro sabía de memoria os libros (4 tomos) de anatomía. Á súa competencia como profesor en diferentes áreas –Anatomía, Bioloxía, Historia da Medicina ou Antropoloxía–, únese unha forte preparación cultural.

A ilustración da portada deste n.º 21 da revista foi realizada polo magnífico artista Alfonso Costa Beiro, 1943. A verdade é que Alfonso nos cedeu amable e xenerosamente varios debuxos, e foi un problema a elección porque nos gustaban todos!! Pintor noiés e establecido en Barcelona desde os 17 anos, é seleccionado na década dos 70 no Concurso de Debuxo Joan Miró. E, despois do marabilloso mural do Instituto Frenopático de Barcelona, a súa fama queda consolidada. Recentemente, recaeulle a honra de ser o primeiro pintor galego en enxalzar o festexo popular do Misterio de Elxe (La Festa o Misteri d’Elx), que se celebra desde o ano 1930. Nesta obra, Alfonso comenta: “Qui-xen retratar a baixada da mangrana do traxecto entre a vida e a morte”. A Festa do Misterio de Elxe tera lugar en agosto de 2017.

Ao longo destes 21 números publicados da revista *Maremagnum*, editada pola Federación Autismo Galicia, desde o ano 1997, sobre o trastorno do espectro do autismo (TEA) e a discapacidade, colaboraron máis de 150 autores especialistas nacionais e internacionais de prestixio no campo do autismo e da discapacidade, e máis de 25 personalidades do mundo das artes e da cultura de Galicia.

Cada número da revista desenvolve unha temática que vertebra a totalidade das colaboracións arredor da diversidade, do envellecemento, da accesibilidade e do lecer sen barreiras, comunicación, calidade de vida, formación e emprego, novas tecnoloxías, acoso e inclusión ou autismo de alta capacidade intelectual.

Coincidindo con algún dos congresos de Autismo Europa (AE), *Maremagnum* fixo un punto e á parte, e asumiu os seus slogans de cara a introducir diferentes temas de actualidade ou relevancia. No número 12 do ano 2008, trátáronse temas diversos emulando o Congreso de Oslo (Noruega), “A world of possibilities”, 2007 (Un mundo de posibilidades) e no número 14 do 2010 fixo seu o slogan “A future for Autism” (Un futuro para o autismo), do IX Congreso Internacional celebrado en Catania-Sicilia (Italia), no ano 2010.

A Fundación Menela celebrou en Vigo, no ano 2011, o Congreso Repensar o Autismo (*Maremagnum* n.º 15, 2011) para dar a coñecer a súa rede de servizos para o autismo e a dependencia, que foi desenvolvida desde 1976. O n.º 17

do ano 2013 da revista *Maremagnum* ofreceulles aos seus lectores unha relación de catro entidades que asisten e tratan persoas con TEA, desde o punto de vista das súas respectivas experiencias educativas, participación social, tratamento, modelo asistencial etc. Como entidades referenciais en Galicia, participaron Aspanaes e a Fundación Menela, de Barcelona participou Carrilet e, de Madrid, Nuevo Horizonte. Para concluír esta revisión sintetizada do devalar e da orientación da revista, o n.º 20 do ano 2016 da revista *Maremagnum* fíxose eco e articulouse arredor do IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar (Ciatef), que tivo lugar na USC no ano 2015.

Maremagnum súmase e comparte o interese da comunidade científica polo trastorno do espectro do autismo. A revista, na súa estratexia e obxectivos, é solidaria e entende o autismo como unha parte da diversidade humana e sempre de forma positiva. Polo tanto, acéptao, e fai visibles as súas necesidades de cara a atinxir a inclusión social, a eliminación de todo tipo de barreiras, de cara a posibilitar as axudas necesarias para o acceso a actividades laborais/ocupacionais e culturais/recreativas e de cara a poñer o acento sobre as capacidades con TEA, e non sobre o seu déficit, na procura sempre dunha mellor calidade de vida.

Como obra de referencia, *Maremagnum* demostrou que achega información contrastada aos estudantes universitarios e aos profesionais dedicados ao TEA e á discapacidade. É a única publicación galega sobre os TEA e convén salientar que, desde o n.º 9 do ano 2005, se publica nunha edición bilingüe (galego-castelán), dada a súa difusión en centros, entidades e profesionais de España e América latina.

Cipriano Luis Jiménez Casas
Director da revista *Maremagnum*

A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA: FEITOS E OPORTUNIDADES

Pilar Farjas Abadía¹ & Beatriz Pais Iglesias²

RESUMO

O papel do paciente está evolucionando cara a unha posición activa de corresponsabilidade en estilo de vida e autoxestión da súa saúde, enfermidade e coidados; é dicir, estase convertendo nun paciente empoderado.

Nun ámbito de envellecemento e cronicidade, as tecnoloxías da información e a comunicación (en diante, TIC) preséntanse como unha oportunidade promotora de cambios; cambios que teñen que ver coa mellora na calidade asistencial, cunha maior eficiencia, cunha mellor accesibilidade á información e aos servizos e, especialmente, cunha atención integrada, continua e coparticipada de pacientes e coidadores.

O Sergas está abordando esta aposta pola innovación na relación cos seus usuarios a través da creación da plataforma É-Saúde e da liña de empoderamento do proxecto Código 100.

1 A autora é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Zaragoza. Especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública. Diplomada en Estudos Avanzados pola Universidade da Coruña, dentro do Programa de Doutoramento de Medicina. Licenciada en Socioloxía pola UNED. Médico de Empresa. Mestrado en Bioestatística. Diplomada en Dirección e Xestión (EGAP). Médico de Sanidade Nacional no Ministerio de Sanidade e Consumo. Responsable do Plan Nacional de Hemoterapia, 1987-1992. Médico de Sanidade Exterior da Coruña, 1992/93. Xefa de servizo e subdirectora xeral de Protección na Consellería de Sanidade e Servizos Sociais (Xunta de Galicia), 1993-1997. Directora xeral de Saúde Pública na Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, 1997-2001. Médico da Unidade de Vacinas do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, 2001/02. Directora executiva da Axencia Española de Seguridade Alimentaria do Ministerio de Sanidade e Consumo en Madrid, 2002-2004. Xefa de Gabinete da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, 2004/05. Xefa do Servizo de Produtos Sanitarios da Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia), 2005-2007. Concelleira do PPDG no Concello da Coruña e deputada provincial, 2007-2009. **Concelleira de Sanidade da Xunta de Galicia** e **presidenta do Sergas**, do Centro de Transfusións

Introdución

As estratexias de mellora da calidade na atención sanitaria levan unhas décadas centradas no cambio de paradigma arredor do papel do paciente. Produciuse unha evolución desde un modelo de paciente cunha actitude pasiva, receptora da atención e dos coidados doutros, ao de paciente con actitude activa, de implicación, participación e corresponsabilidade na xestión da súa saúde e da súa enfermidade, como está ocorrendo nun número crecente de usuarios dos servizos sanitarios.

Así, unha das metas que se propón a Organización Mundial da Saúde é o empoderamento das persoas e das comunidades, e isto reflíctese na idea e no desenvolvemento, por parte da maior parte dos servizos de saúde do noso ámbito, de programas coma o Paciente activo, o Paciente competente ou o Paciente experto. Todos eles desenvolven a premisa de que un paciente activo, competente, coñecedor da súa saúde e da súa enfermidade é un axente fundamental para a mellora dos seus propios resultados de saúde e do conxunto do sistema sanitario.

E este cambio de modelo de participación dos pacientes e coidadores na autoxestión da súa saúde e coidados prodúcese no contexto do incremento das enfermidades crónicas. As estratexias de cronicidade, imprescindibles para abordar cambios socioeconómicos de alto calado coma o envellecemento po-boacional, o incremento do custo asistencial en procesos crónicos, a multipatoloxía en persoas maiores ou o cambio no ámbito familiar co incremento de unidades familiares cun ou dous membros entre outros, están forzando o redeseño dos procesos asistenciais, de forma que permitan e fomenten a interacción dos profesionais con pacientes que teñen a motivación, as habilidades e a confianza necesaria para tomar as súas propias decisións.

Paralelamente, o enorme avance das TIC permite a súa aplicación ao sector sociosanitario de numerosas maneiras, o que achega beneficios de calidade e seguridade, así como un significativo aforro económico. Por iso, nos últimos anos estase xerando un debate internacional sobre os beneficios da aplicación das TIC ao ámbito sanitario.

de Galicia, da Fegas, do Lingo, de Galaria e do Padroado das Fundacións Galicia-Saúde; Emerxencias de Galicia 061 e Medicina Xenómica, 2009-2011. Secretaria xeral de Sanidade e Consumo; presidenta da Aecosan, do Ingesa, da AEMPS, vogal do padroado da Fundación FCSAI e presidenta do padroado da Fundación Fipse, vogal dos padroados do CNIO, do CNIC e da Fundación CEN e secretaria do CISNS, 2012-2014.

Actualmente, está reincorporada ao servizo activo como funcionaria da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, coordina o proxecto É-Saúde, plataforma de servizos en liña para pacientes do Sergas.

2 Ver CV da autora, no artigo da súa autoría, “Servizos sanitarios e persoas con autismo”, que aparece neste número 21, 2017 da revista *Maremagnum*.

Segundo a última enquisa do Observatorio Nacional das Telecomunicacións do INE, no ano 2017 o 81 % das persoas de 16 a 74 anos usaron Internet nos tres últimos meses, e dous de cada tres fano a diario. Ademais, un 60,5 % das persoas maiores de 16 anos buscaron información sobre saúde na Rede. En canto ao terminal máis utilizado, sen dúbida é a telefonía móbil, con 51,14 millóns de liñas contratadas en España no ano 2017.

O Plan de acción sobre saúde dixital da Comisión Europea defínea como “a aplicación de tecnoloxías da información e as comunicacións en toda a gama de funcións que afectan o sector da saúde, o que inclúe produtos, sistemas e servizos que van máis alá das aplicacións simplemente baseadas en Internet”. A aplicación das TIC busca mellorar o acceso, a eficiencia, a eficacia e a calidade dos procesos asistenciais e a comunicación entre as organizacións da saúde, os médicos, os pacientes e as súas asociacións, nun esforzo por mellorar o estado de saúde dos pacientes.

Os sistemas electrónicos non poden substituír completamente a comunicación médico-paciente, pero si poden facilitar a toma de decisións, posibilitan unha atención máis personalizada e reducen as perdas de tempo e de información, asociadas aos propios procesos de rexistro, tratamento e intercambio de información tradicionais. As principais vantaxes identificadas do uso de sistemas telemáticos son: a diminución dos erros de medicación, dos reingresos hospitalarios, da duplicación de ensaios e, por conseguinte, unha mellora do diagnóstico e da atención e unha redución dos custos da atención sanitaria.

Segundo o estudo da Secretaría Xeral da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, “Mellora da eficiencia do sector sanitario. O papel das tecnoloxías da información e a comunicación”, cofinanciado pola Dirección Xeral para a Saúde e os Consumidores da Comisión Europea, os principais beneficios do uso das TIC no sector sanitario son catro:

- 1. Incremento da calidade na atención ao paciente e da eficiencia.**
- 2. Redución dos custos de funcionamento dos servizos médicos.**
- 3. Diminución dos custos administrativos** dos procesos de contratación, facturación, xestión de persoal e de recursos materiais.
- 4. Posibilidade de levar a cabo modelos de sanidade completamente novos:**

— Renovación da atención primaria: facilitando a mellora no coidado das enfermidades crónicas, mellorando o acceso á información clínica e promovendo a coordinación dos coidados sociosanitarios.

- Mellora do acceso á sanidade: as TIC, especialmente a telemedicina e o acceso a informes e probas diagnósticas, son usadas con excelentes resultados nas poboacións rurais ou remotas.
- Mellora da calidade dos sistemas de medición e seguimento da actividade sanitaria.

Para alcanzar todo o potencial positivo da utilización das TIC en asistencia sociosanitaria é necesario garantir a extensión e a xeneralización do seu uso na totalidade da rede asistencial e de usuarios de cada servizo de saúde, traballar con estándares que permitan compartir a información entre unidades e servizos e alcanzar sistemas seguros e sólidos de protección de datos e da privacidade, xa que a ética profesional nos sistemas de saúde require unha estrita confidencialidade.

Malia todos estes movementos, o deseño de iniciativas de empoderamento dos pacientes é aínda incipiente e de desenvolvemento insuficiente. O seu impulso e potenciación son os obxectivos dos proxectos de innovación sanitaria.

Innovación en saúde

Os proxectos de Hospital 2050 e de Innova Saúde naceron en Galicia no ano 2011 co obxectivo de que a innovación actuase como panca de impulso e de mellora do Servizo Galego de Saúde (Sergas), con especial fincapé nos nosos maiores e enfermos crónicos.

Ao ter como criterio básico das nosas actuacións a centralidade do paciente no sistema —é dicir, ao querer convertelo no verdadeiro “propietario” do Servizo de Saúde de Galicia e no motor e baremo de avaliación das actuacións da Consellería de Sanidade, como recolleu a Estratexia Sergas 2014—, considerouse que era necesario aplicar os servizos ofrecidos aos pacientes e cidadáns a través das TIC, co fin de superar as limitacións temporais e espaciais.

As novas tecnoloxías da comunicación permiten eliminar o factor espazo (distancia) mediante a prestación de servizos telemáticos, como o demostran o impulso e o crecemento das consultas telefónicas; as alertas a través de conexións entre os sistemas informáticos do 061 e do Sergas; a xestión a través de Internet da petición de citas; o acceso aos informes da historia clínica dixital (en diante, HCD) do Sistema Nacional de Saúde, do programa de Interoperatividade da historia clínica dixital do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; a interoperatividade da receita electrónica, xa real entre as comunidades autónomas de Galicia, Estremadura, Canarias, Castela a Mancha, Navarra, Valencia, Aragón e A Rioxa etc.

Pero os proxectos de innovación ofrecen máis oportunidades, como é xuntar todos os servizos que actualmente se están ofrecendo a través de Internet e do teléfono; integrar todos os procedementos administrativos; promover o acceso dos pacientes aos seus informes médicos e de tratamentos; facilitar a localización da información sanitaria de prevención, promoción da saúde ou sobre problemas de saúde e procedementos diagnósticos ou terapéuticos nunha única canle, de forma fácil e intuitiva e desde calquera dispositivo, especialmente desde o teléfono móbil.

Partimos da consideración de que non hai posibilidade de empoderamento sen formación, sen información, sen soporte emocional e sen unha participación activa dos pacientes. Ninguén pode tomar decisións sobre a súa saúde se non ten as ferramentas precisas e necesarias para facelo.

E así naceu o proxecto Epaciente, financiado con fondos de Innovación Tecnolóxica da UE, hoxe con nome propio: **É-Saúde**.

É-Saúde

É-Saúde é unha verdadeira canle de servizos web (www.esaude.sergas.es) que ten as seguintes características (Imaxe 1):

- É unha canle de comunicación entre o paciente, os seus profesionais sanitarios, o Sergas e a Consellería de Sanidade, que facilita o acceso a todos os servizos telemáticos de telemedicina, fogar dixital, administrativos...
- Permite adaptar a información ás necesidades do paciente, servizos 2.0
- Pódese acceder a ela desde o móbil, as tabletas ou os ordenadores.
- Ofrece información de saúde, estilos de vida, problemas de saúde...; información que foi elaborada ou seleccionada por un comité de expertos, baixo criterios de calidade, evidencia científica, actualidade, transparencia, e baixo declaración de conflito de intereses...
- Promove estilos de vida saudables e facilita o rexistro de datos de propiedade do paciente baixo as garantías de protección e seguridade informática do Sergas.


A plataforma foise construíndo cos pacientes galegos. Desde o primeiro momento, marzo de 2015, as asociacións de pacientes vogais do Consello Asesor de Pacientes do Sergas, así como os pacientes expertos, están a participar activamente.

É-Saúde ofrece as funcionalidades de:

- Consulta de información sanitaria.
- Axenda personalizada.
- Consulta e descarga de informes electrónicos da historia clínica e da HCD do Sistema Nacional de Saúde.
- Consulta e descarga de informes de tratamento, TAO...
- Consulta de profesionais, actividade asistencial e citas persoais.
- Rexistro e seguimento de actividades e programas de autocoidados do propio cidadán.
- Acceso á información de asociacións de pacientes.
- Participación en comunidades (foros) entre profesional e pacientes e entre asociacións e os seus asociados.
- Consulta e acceso ás actividades de formación para pacientes da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
- Acceso directo aos recursos seleccionados polo paciente na plataforma, á Escola Galega de Saúde para Cidadáns e á páxina Xente con Vida, da Consellería de Sanidade.
- Realizar trámites e consultas a través dos sistemas telemáticos do Sergas.
- Facer unha consulta telemática de centros de saúde, hospitais, servizos de urxencias e farmacias xeolocalizados.

E todo iso con seguridade, a que ofrece o feito de que toda a información estea albergada no servidor, no nodo do Servizo Galego de Saúde. Seguridade xurídica e seguridade tecnolóxica para que toda a información sobre a saúde, incluso a que rexistra o propio paciente en autocoidados, en coidados dun familiar, en programas de control de peso ou de exercicio físico xerados en aplicacións libres de rexistro de autocontrois de saúde..., non quede en nodos privados e expostos á súa utilización en Internet.

IMAXE 1: A PLATAFORMA É-SAÚDE



Código 100

Os proxectos **Innova Saúde** e **Hospital 2050** marcaron a primeira fase, que continúa co proxecto **Código 100**. Este novo convenio de cooperación coa UE reforza a posibilidade de alinear os desexos e as necesidades dos pacientes co talento e coa experiencia dos profesionais do mundo sanitario e do tecido empresarial, para facer que o empoderamento dos pacientes se vaia convertendo nunha realidade.

Este é o camiño cara ao empoderamento. E é o salto da teoría á práctica, do desexo á realidade. Nese camiño quérese profundar e avanzar desde a liña de “Empoderamento do paciente” do Código 100. O que se busca é poñer en relación directa os pacientes coas empresas, de maneira transparente, aberta e metodoloxicamente ben dirixida, para que o mercado sexa capaz de crear o que os pacientes necesitan para tomar as rendas da súa saúde. Ademais, permitíranos incorporar a É-Saúde novas aplicacións e desenvolvementos que incidan nos autocoidados, na prevención das enfermidades, no reforzo de hábitos saudables e na axuda á toma de decisións contrastada.

Para coñecer as súas necesidades e propostas e poder presentárllelas ás empresas para que adecúen as súas propostas de desenvolvemento, realizáronse dous talleres coas asociacións de pacientes de Galicia. A identificación reali-

zada en ambos os talleres das necesidades potencialmente abordables a través de recursos TIC dános unha idea clara da potencialidade real destes e ofrécelles solucións aos pacientes e cuidadores:

Información consolidada das necesidades identificadas no taller con asociacións de pacientes 24/04/2017 e 27/04/2017:

1. AUTOXESTIÓN DO PACIENTE CRÓNICO. CARTAFOL SEGUNDO A PATOLOXÍA CRÓNICA DE XESTIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL

- Xestión de citas por parte do paciente.
- Planificación de probas diagnósticas.
- Información e recordatorio de citas planificadas, revisións periódicas etc.
- Agrupación de citas de pacientes pluripatolóxicos naquelas patoloxías que requiran de diversos especialistas e coordinación para o diagnóstico.

2. PLATAFORMA DE XERACIÓN DE CONTIDOS

Xeración de contidos agrupados por patoloxías, xestionados polas propias asociacións e adaptables, como vídeos, tutoriais, manuais de exercicios adaptados, programas de formación, información sanitaria, estilos de vida saudables para evitar enfermidades ou que progresen e canles de TV orientadas aos colectivos de pacientes, familiares, profesionais e colexios.

3. PLATAFORMA DE CONSULTAS EN LIÑA

- Deseño dunha **canle segura** que permita ter acceso a profesionais **especializados**, de xeito que se poidan realizar consultas a demanda; isto é, consultas puntuais e rápidas, solicitar segundas opinións, realizar vídeo-consultas, consultas con imaxes etc.
- Potenciar a idea das **comunidades de É-Saúde**, a través de foros (espazos) dinámicos que permitan ofrecer apoio especializado, realizar consultas abertas sobre dúbidas da enfermidade e a súa evolución, dietas e consellos, noticias e novidades, compartir experiencias entre pacientes etc.

4. MECANISMOS DE ALERTA

- Alerta aos servizos sanitarios ou aos cuidadores da situación do paciente.
- Solucións que faciliten a detección e a alerta ao centro asistencial ou aos cuidadores de crises epilépticas e convulsións que permitan establecer mecanismos de xeolocalización para determinar a distancia do paciente fóra da distancia límite establecida; o tempo transcorrido sen contacto; as medidas de toma de pulso; a alerta de alteración cardíaca; as alertas que informen de brotes de párkinson; bloqueos; momentos *off* etc.

- Definición de sistemas coordinados de alertas que lle ofrezan información ao hospital de maneira previa á chegada do paciente en emerxencia.
- Alertas de medicacións reactivas que avisen se o paciente tomou a medicación incorrecta, ou se a medicación que tomou contén un compoñente daniño. Indicacións dos pasos que se han seguir.
- Interaccións farmacolóxicas, con alertas en pacientes polimedicados.

5. DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS ESPECÍFICAS INTEGRADAS NUNHA PLATAFORMA

- Logopedia: (ex.) aplicación onde se poden traballar as alteracións da fala e da voz. Exercicios de praxias buco-fonatorias e orofaciais con sistemas de autogravación e corrección.
- Reumatoloxía: (ex.) aplicación que integre e coordine os diferentes profesionais multidisciplinares relacionados co tratamento desta patoloxía (reumatólogos, dermatólogos, psicólogos etc.).
- Diabetes: (ex.) aplicación con titoriais, dietas, dosificación de insulina, información acerca de alimentos en comidas, supermercados etc. que permita a recollida de datos automatizados, obtendo información de varias fontes e que mostre en tempo real a evolución da enfermidade e os fitos destacables, e que facilite a toma de decisións.
- Alzheimer e demencias: aplicación con titoriais de fisioterapia, estimulación terapéutica para cuidadores e pacientes con problemas de accesibilidade (por illamento xeográfico, dificultades de desprazamento de cuidadores...) dirixidos desde os centros terapéuticos, rutinas de exercicios cognitivos e físicos.
- Fisioterapia: (ex.) aplicación que conte con terapias de rehabilitación e táboas de exercicios que permitan programar rutinas diarias no ámbito do lecer e recollelas nunha axenda etc.
- Nutricional: (ex.) aplicación que limite a alimentación segundo o tipo de patoloxía e que conteña consellos nutricionais.
- Sono: (ex.) aplicación que controle a hixiene do sono (avaliación da enfermidade, alteración da medicación etc.; por exemplo, en enfermos de párkinson).
- Rehabilitación: (ex.) aplicación que rexistre e mapee os recursos de rehabilitación e que estableza a conexión con servizos sociais.
- Voluntariado: (ex.) aplicación que xestione unha rede de voluntariado xeral e especializado (oferta e demanda).

- Accesibilidade: (ex.) aplicación que mostre mapas con rutas accesibles para pacientes en cadeiras de rodas.
- Xordeira: (ex.) aplicación que permita a comunicación entre o paciente xordo e o persoal sanitario e/ou a familia.
- Detección temperá de enfermidades: (ex.) aplicación que permita detectar se o paciente está sufrindo algunha deterioración cognitiva. Detectar se ten deterioración, alertar e redirixir ao sistema sanitario.
- Trastornos do espectro autista (TEA): (ex.) aplicación de comunicación para dispositivos multiplataforma que poida adaptarse, ser executada e modificada en tempo real polo paciente en función das súas necesidades, e que como comunicador se poida utilizar tamén polos profesionais sanitarios que terían acceso a esta a través dos diversos sistemas dispoñibles.

6. MAPAS E GUÍAS DE RECURSOS

- Solución que lles permita ás persoas acceder a un ámbito que conte cos datos consolidados daqueles recursos sociosanitarios asociados a unha patoloxía determinada. O obxectivo é dispoñer de información sobre axudas, apoios e servizos, asociados a un perfil de paciente tipo.
- Mapas que recollan a información das persoas diagnosticadas por patoloxía, a súa distribución xeográfica e o estadio da patoloxía.
- Guías que recompilen a información sobre formación –cursos, titoriais etc.– de cada patoloxía.

7. MONITORIZACIÓN E CONTROL TERAPÉUTICO, en especial en pacientes oncolóxicos, tratamentos biolóxicos e pluripatoloxías, entre outros, con:

- Comunicación directa do tratamento.
- Sistemas de alerta que permitan o recordatorio na toma de medicación e o seguimento terapéutico.
- Rexistro de toma de medicación.
- Xestión directa para evitar os desprazamentos: medicamentos farmacia hospitalaria.

8. MELLORA DA ACCESIBILIDADE

- Accesibilidade para pacientes xordos: adaptar a información ao total das canles comunicativas existentes, aos servizos de urxencia, salas de espera, 24 h, sistemas de evacuacións en centros de saúde etc.
- Accesibilidade para pacientes con **trastorno do espectro do autismo (TEA)**: solucións que permitan que, con carácter previo á atención sanitaria, poidan ter a posibilidade de anticipar, coñecer e “visualizar” como van ser os procesos (consultas, probas que se van desenvolver du-

rante esta...). Con esta medida aumentaría a súa seguridade e diminuírían os seus posibles problemas de ansiedade ou de conduta. E isto sería posible a través dunha páxina web na que cada servizo sanitario ligado ás eoxi (hospitais, centros de saúde...) contase cun espazo no que, por medio de vídeos, realidade aumentada, secuencias realizadas con SSAACC, pictogramas etc., se presentase como se van desenvolver as consultas ou as probas médicas asociadas desde o mesmo momento de chegada ao hospital.

A integración de todos os servizos telemáticos e a potenciación do acceso por parte do paciente aos programas de telemedicina, telemonitorización de diabetes, anticoagulación sanguínea, saturación de osíxeno, peso... ou patoloxías crónicas, de acceso ás súas probas diagnósticas, ás súas radiografías e TAC etc., de forma fácil, segura e desde calquera terminal e dispositivo conectado a Internet, promove a eliminación de barreiras xeográficas.

Do mesmo xeito que a telefonía móbil permitiu en Galicia acceder aos servizos telefónicos sen as restricións que a dispersión xeográfica e orografía supoñía aínda a principios da década dos 90, a innovación nas TIC aplicada aos servizos directos en liña para pacientes pode permitir eliminar as barreiras tecnolóxicas, de distancia ou de mobilidade para ofrecer unha atención sanitaria máis rápida, máis transparente, máis próxima, de maior calidade, o que supón unha mellora do coñecemento dos pacientes na autoxestión da súa enfermidade ou a seguridade dos coidadores familiares ou informais.

Bibliografía

Indicadores destacados da Sociedade da Información en España (maio 2017).

Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da SE. Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. [Acceso 6 de xuño de 2017]. Dispoñible en:

<http://www.ontsi.red.es/ontsi/sites/ontsi/files/indicadores%20Destacados%20maio%202017.pdf>

Improving Health Sector Efficiency. *OECD Health Policy Studies*. 2010 [acceso 6 de xuño de 2017]. Dispoñible en:

http://ec.europa.eu/health/eu_world/docs/oecd_ict_en.pdf

Código 100. [Acceso 12/06/2017]. Dispoñible en:

<http://codigo100.sergas.gal/>

PROGRAMA TEAyudamos

MODELO DE ADAPTACIÓN INCLUSIVA DO ÁMBITO SANITARIO

Programa de adaptación sanitaria inclusiva a nenos con trastorno sociocomunicativo



teayudamos@salud.madrid.org

 TEAyudamos  @hfteayudamos

www.teayudamos.eu

Toribio Rubio, B.; Galera Arredondo, M. E.; Antúñez Antúñez, M. A.;
Gómez Díaz, M. C.; Ramos Pereiro, J.; Rodríguez Vidal, V. M.; Trá-
paga Andrés, N.; Rodríguez Díaz, R.; Lospitao Gómez, S.; Colino
Romay, E. I.; Muñoz Lomas, F.¹

¹ Belén Toribio Rubio, como representante das autoras e autores deste artigo, é enfermeira especialista en Pediatría. Actualmente, traballa no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Universitario de Fuenlabrada, en Madrid, con 20 anos como profesional de enfermería principalmente na Área do Neno (UCIP Hospital Universitario 12 de Octubre, URP Hospital Universitario de Fuenlabrada...). Compatibiliza o labor asistencial co de promoción e coordinación do programa TEAyudamos no Hospital Universitario Fuenlabrada e centros adscritos. Contacto: Belén Toribio Rubio. Rúa Dobra 9, 5.º A. 28054 Madrid. Tfno.: 696 819 846; 91 5082 367. Correo-e.: betelgeuse0@hotmail.com; teayudamos@salud.madrid.org.

RESUMO

TEAyudamos é un programa de adaptación sanitaria inclusiva para usuarios con alteracións da comunicación social, baseado na adaptación visual, profesional e funcional dos servizos de saúde. A súa filosofía é traballar en rede (Familias-Saúde-Educación) os seguintes aspectos: a valoración das necesidades existentes e a implementación dos cambios nos servizos sanitarios, con garantía de que se cumpran os principios de inclusión, equidade e calidade. TEAyudamos iniciou a tripla adaptación do Hospital Universitario Fuenlabrada en diversas unidades e en centros de saúde e especialidades da zona, cos proxectos “Implantación do M-Chat-R/F aos 2 anos” e a “Aula de Saúde”, con 220 profesionais formados e cunhas 8200 visitas en menos dun ano á súa web teayudamos.eu

O programa TEAyudamos naceu como proxecto en novembro de 2014 e foi froito da motivación persoal e profesional do colectivo enfermeiro do Hospital Universitario de Fuenlabrada (H. U. F) para lles dar resposta ás familias e aos usuarios con trastorno na comunicación e interacción social, en demanda dunha atención sanitaria pública adaptada ás súas necesidades e de calidade. O equipo TEAyudamos, xunto co director de Enfermería, Jesús Ramos Pereiro, e a supervisora da Área do Neno, M.^a Carmen Gómez Díaz, que desde os seus inicios creron neste proxecto inclusivo e tan necesario, elevaron a proposta de implantación ao director xerente do H. U. F., Carlos Mur de Viu, que acolleu esta con gran disposición.

En maio de 2015, iniciou a súa posta en marcha dentro da carteira de servizos do H. U. F., e un ano despois estivo dispoñible a web **teayudamos.eu**, con URL propia e con enlace desde a web do hospital, para a preparación das visitas sanitarias con anticipación desde calquera localización.

O usuario con alteracións nas esferas comunicativa e social aumenta o seu nivel de comprensión, seguridade e confort ante un ámbito adaptado con códigos que permanecen no tempo e administrados de forma estruturada en forma e momento, de xeito que aumentan as posibilidades de comunicación do usuario co seu ámbito. Neste momento, as familias e as asociacións manifestan a problemática de acceso a un sistema sanitario amable e de calidade para este colectivo.

TEAyudamos é un programa multidisciplinar baseado nos principios de equidade, inclusión, humanización e calidade para a poboación susceptible de beneficiarse dos sistemas alternativos/aumentativos como apoio á comunicación (SAAC), da estruturación do ámbito, tempos, actividades e da anticipación da información.

A metodoloxía do proceso enfermeiro foi a ferramenta utilizada para valorar as necesidades socio-sanitarias do usuario e da súa familia que, enunciadas como diagnósticos (táboa 1), permitiron establecer os obxectivos que se detallan a continuación e realizar as intervencións pertinentes desenvolvidas na adaptación visual, profesional e funcional das unidades.

TÁBOA 1

Táboa I. Diagnoses enfermeiros principais e intervencións relacionadas coas diagnoses que orientan o proxecto. Taxonomía NANDA	
DIAGNOSE ENFERMEIRO	INTERVENCIÓNS
00052 Deterioro da Interacción Social	<ul style="list-style-type: none"> • (5100) Potenciación da socialización • (4362) Modificación da conduta: habilidades sociais • (4352) Manexo da conduta: hiperactividade/falta de atención
00051 Deterioro da comunicación verbal	<ul style="list-style-type: none"> • (5460) Contacto • (4720) Estimulación cognoscitiva • (5540) Pontenciación da disposición de aprendizaxe • (4976) Mellora da comunicación: déficit da fala
00148 Temor	<ul style="list-style-type: none"> • (5820) Diminución da ansiedade • (5380) Potenciación da seguridade • (5880) Técnica de relaxación • (5580) Información preparatoria: sensorial • (1400) Manexo da dor
00146 Ansiedade dos pais	<ul style="list-style-type: none"> • (6482) Manexo ambiental: confort • (6486) Manexo ambiental: seguridade
00069 Afrontamento ineficaz de pais e profesionais	<ul style="list-style-type: none"> • (5230) Aumentar o afrontamento • (5900) Distracción • (5820) Diminución da ansiedade
00111 Retraso do crecemento e desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none"> • (8274) Fomentar o desenvolvemento do neno • (5520) Facilitar a aprendizaxe • (5210) Guía de anticipación

O obxectivo xeral do programa é:

- Diminuír a discapacidade do individuo mediante:
 - A modificación das demandas do contorno, adaptando os servizos de saúde e eliminando as barreiras que provoquen exclusión social e institucional.
 - Apoios que aumenten as capacidades do usuario.
- Contribuír á sensibilización, concienciación e valoración de necesidades específicas das persoas con trastorno socio-comunicativo.

E os obxectivos específicos son:

- Dotar e ofrecer servizos adaptados, cualificados e próximos para mellorar a autonomía, a seguridade, o confort do usuario e das súas familias e a calidade asistencial dos servizos de saúde.
- Optimizar a comunicación e a relación entre o paciente/familia e o profesional sanitario.
- Elevar o nivel de confort percibido polo paciente/familia.
- Incrementar a colaboración do paciente.
- Satisfacer as demandas manifestadas polas familias en materia sociosanitaria. (disposición de apoios, calidade, axilidade e seguridade na atención e profesionais formados).
- Lograr un afrontamento eficaz da familia e do profesional sanitario ante a discapacidade para aumentar o nivel de funcionamento do usuario.

O programa TEAyudamos, na súa implantación no H. U. F., comezou pola área pediátrica, urxencia e hospitalización, e estendeuse aos servizos de Radioloxía e ás consultas de Neuropediatría, Alerxias e Otorrinolaringoloxía. Paulatinamente, vai introducíndose en Reanimación, Quirófano e Hospital de Día, así como noutras consultas. Ademais, en centros de saúde e especialidades da zona, iniciáronse novos proxectos para a poboación que presenta trastorno socio-comunicativo.

Toda a poboación (nenos, anciáns, usuarios con barreira idiomática ou con dificultades temporais ou permanentes na comunicación...) pode beneficiarse da adaptación visual. E isto é así grazas á web teayudamos.eu (figura 2), grauíta e accesible desde calquera dispositivo, e aos apoios visuais en formato físico e manipulativo, como a sinalización (figura 3) e o panel localizado á en-

trada das estancias que relaciona o pictograma co espazo que atoparán ao entrar e a súa función.

FIGURA 2




FIGURA 3



Espazos (figura 4) e persoal (figura 5): fotografías reais dos espazos e dos profesionais uniformados relacionados co pictograma asignado.

FIGURA 4



FIGURA 5



Procedementos: (figura 6 e 7) secuencia pictográfica cun texto debaixo de cada pictograma e cunha fotografía real onde se explica o desenvolvemento das técnicas ou dos procedementos sanitarios.

FIGURA 6



FIGURA 7



Circuitos: (figura 8 e 9) secuencias de recorridos desde un lugar a outro partindo do domicilio ou da unidade sanitaria que describen por onde irá, con quen interactuará e que accións se producirán.

FIGURA 8



FIGURA 9



FIGURA 14



FIGURA 15



Os obxectivos docentes expostos son:


1. Proporcionar coñecementos sobre o TEA. Coñecer outros trastornos que comparten características de alteracións socio-comunicativas.
2. Coñecer as características e as patoloxías asociadas a este trastorno, as causas, así como as diferenzas das persoas que o padecen.
3. Mellorar a comunicación, coñecer as ferramentas básicas para comunicarse de maneira alternativa/aumentativa, así como estratexias e metodoloxías de interacción e trato correcto, co fin de descubrir as necesidades específicas e de lograr un bo obxectivo terapéutico e unha correcta atención.
4. Dotar o profesional da capacidade de ofrecer servizos próximos para mellorar a autonomía e a calidade de vida dos nenos, de cara a permitir a súa inclusión na sociedade.
5. Contribuír á sensibilización, protección, defensa e promoción dos dereitos dos nenos e dos adultos con alteracións socio-comunicativas e compartir experiencias.

Actualmente, a **poboación de 0 a 16 anos con trastorno da comunicación social** pode gozar da totalidade das medidas de adaptación funcional, desenhadas para simplificar trámites, adecuar as visitas ás súas rutinas diarias e proporcionar confort, seguridade e especial protección. Estas medidas recóllense no Protocolo de atención ao neno con trastorno do espectro do autismo e outros trastornos socio-comunicativos (Pantea+). Entre elas, destacamos:

— Codificación e identificación visual Pantea+ na historia clínica informatizada.

- Formulario das principais características que convén ter en conta na atención e interacción co usuario na historia clínica.
- Axenda de agrupación de citas e probas e solicitude de adecuación de horarios.
- Axenda e protocolo de extracción analítica nun ámbito amigable e cuns tempos adaptados.
- Oferta de alternativas na xestión de esperas (ámbitos libres de interferencias, localización telefónica ao chegar a súa quenda, distractores...).
- Préstamo de material para a preparación de visitas a domicilio.
- Incentivos/Recompensas: potenciamos os reforzos positivos ao paciente. Permitted o uso de incentivos e recompensas para lograr obxectivos funcionais, como conseguir a colaboración en manipulacións, tempos de espera etc. Os incentivos serán pactados previamente cos pais.
- Prioridade na xestión de ingresos a hospitalización e probas diagnósticas en igualdade de nivel de urxencia.
- Circuito simplificado de chegada ao Servizo de Urxencias Pediátrica. Prioridade II Manchester (figura 16).

FIG. 16



- Acompañamento permanente pola súa persoa de referencia, tamén na área cirúrxica ata a sedación e durante o espertar.
- Cuarto adaptado en hospitalización de Pediatría.
- Ingresos programados de curta duración para realizar probas/mostras ambulatorias de difícil consecución para os pacientes nos que se prevexa unha mellor colaboración, confort e resultados da proba con esta medida.
- Ingreso nocturno para realizar EEG do sono sen privación, en casos específicos.


Existen tamén medidas funcionais para aqueles **usuarios que presenten trastorno socio-comunicativo sen restrición de idade**:

- Aula de Saúde: visitas con adestramentos en espazos sanitarios do hospital, no centro de especialidades e no centro de saúde da zona.
- Axenda e protocolo de análise nun ámbito amigable e cuns tempos adaptados (**Anapant**).

Ademais, o programa TEAyudamos está promovendo outro proxecto que vai na liña da **detección precoz de TEA/alteracións socio-comunicativas**. Este proxecto consiste na implantación do cribado M-Chat-R/F nun centro de saúde da área asistencial oeste de Madrid, na consulta de enfermería do neno san aos 2 anos. Posteriormente, terá lugar unha entrevista de seguimento na consulta de Pediatría e, se o resultado é de risco medio ou alto segundo a guía do cribado, farase a derivación precoz a Atención Temprá.

Logo de que transcorreron dous anos desde o inicio da súa posta en marcha, obtivemos os seguintes resultados:

- Usuarios do sitio web www.teayudamos.eu: 8164 en menos de 1 ano.
- Correo corporativo: teayudamos@salud.madrid.org.
- Redes sociais:  @hfteayudamos  TEAyudamos.
- 1.º Premio Congreso Anecorm 2015, 4.º Premio Certame Hospital Optimista 2015.
- Número de usuarios incluídos en Pantea+: 104.
- Cuestionarios emitidos de satisfacción das familias: 10 %.
- Colaboradores: Arasaac, Aspandi, C. E. E. Sor Juana Inés. C. E. E Juan XXIII, I. E. S. Vitoria Kent, Aleph-TEA.



- Toribio Rubio, Belén; Galera Arredondo, M.^a Eugenia; Antúnez Antúnez, M.^a de los Ángeles; Trápaga Andrés, Nuria; Rodríguez Vidal, Víctor Manuel. “Programa TEAyudamos”. Documento do Rexistro Propiedade Intelectual, número de asiento rexistral 16/2016/5367. Madrid. España. Titulares da marca: Toribio Rubio, Belén; Galera Arredondo, M.^a Eugenia; Rodríguez Vidal, Víctor Manuel; Trápaga Andrés, Nuria; Antúnez Antúnez M.^a de los Ángeles. Rexistro de marca nacional. Clase 41 Mixta. Número: 3.601.936.
- Autor pictogramas: Palao, Sergio. Procedencia: Arasaac (<http://arasaac.org>). Licenza: CC (BY-NC-SA). Propiedade: Gobierno de Aragón.
- <http://www.hospitaldefuenlabrada.org/tea/> (internet). Madrid: Kibukita®; 1 de xuño de 2016 (citado o 1 de marzo de 2017). Disponible en: <http://www.teayudamos.eu/>.

SERVIZOS SANITARIOS E PERSOAS CON AUTISMO

Beatriz Pais Iglesias¹

Licenciada en Medicina pola Universidade de Zaragoza.
Especialista en Nefroloxía
Subdirectora Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade,
do Servizo Galego de Saúde²

“A ansia de amor, a procura do coñecemento e unha
insoprible piedade polo sufrimento da humanidade”.
(As paixóns que movían a Bertrand Russell)

RESUMO

Nos últimos anos, os servizos de saúde de España e da maior parte dos países do noso ámbito iniciaron cambios organizativos importantes e necesarios para afrontar novos retos. Un dos máis importantes é adaptar a prestación de servizos aos requirimentos e ás expectativas de colectivos con necesidades especiais, como son as persoas con transtornos do espectro do autismo e as súas familias.

En Galicia, a Federación Autismo Galicia e as súas asociacións afíns están mantendo coa Administración sanitaria unha relación frutífera e mutuamente beneficiosa, o que se reflicte en diversas iniciativas e algunhas delas resúmense neste artigo.

¹ A autora é licenciada en Medicina pola Universidade de Zaragoza (1990). Especialista en Nefroloxía no Hospital Arnau de Vilanova de Lleida (1994). Médica de Urxencias do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela desde 1995. Médico e coordinadora de Urxencias do Hospital da Barbanza (1998-2006) e directora médica deste hospital (2006-2009). Entre 2010 e 2014, experta en Calidade Asistencial, e Técnico de Calidade e Seguridade do Paciente na Subdirección de Atención ao Cidadán e Calidade do Sergas. Subdirectora xeral de Atención ao Cidadán e Calidade (2015-2017), da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Contextualización

Os trastornos do espectro autista (en diante, TEA) constitúen un grupo de anomalías de diferente intensidade e expresividade clínica que afectan dun modo especial as relacións con outras persoas e todo o que ten que ver coa comunicación e que, polo seu carácter poliédrico e pola súa variabilidade, precisan unha visión e unha abordaxe por parte das institucións sanitarias que sexa ao mesmo tempo global, coordinada e flexible.

Por iso, os modernos sistemas sanitarios propios das chamadas sociedades do benestar han de facer da accesibilidade e da igualdade de oportunidades para todos uns valores esenciais e un lema, e non poden faltar os apoios específicos a este colectivo de pacientes e ás súas familias.

O autismo é unha enfermidade complicada, unha enfermidade que dificulta o día a día das persoas que a padecen e tamén, de maneira moi especial, a das persoas que conviven e que se ocupan delas. Para os profesionais e institucións sanitarias abordar este complexo problema, tanto desde o punto de vista científico coma humano, constitúe un gran reto.

Complexidade do autismo para a abordaxe macrosanitaria

Son de sobra coñecidas as características do TEA que xustifican a súa complexidade. Cito a seguir, como resumo, algunha delas:

- A súa prevalencia crecente é difícil de precisar. E aínda que distintos estudos reflicten resultados dispares, estímase que 1 de cada 166 nacementos podería ter un TEA.
- A súa variabilidade xenética e clínica. Como recollen María Teresa Tiemblo Marsal e José Manuel Varela Rodríguez nesta mesma publicación (*Maremagnum* n.º 14, 2010), “as persoas con autismo presentan

A autora coñece a realidade das asociacións de pacientes con trastorno do espectro do autismo, a súa incesante loita efectiva na relación, as limitacións que as persoas con TEA teñen nos seus contactos co sistema sanitario e as súas reivindicacións con respecto ao dereito que teñen a unha atención sanitaria digna e adaptada ás súas necesidades. A doutora País Iglesias comenta a importancia “... de coñecer o mundo do autismo, desde as súas familias e os seus cuidadores, e tamén como pacientes”. Esta aproximación “... sensibilizoume tanto desde o punto de vista profesional coma humanamente..., din que só é raro o que non se coñece. E que quen non coñece nada non ama nada... achegarme ao mundo do autismo desde preto fíxome coñecer mellor e querer máis este colectivo de persoas”.

O meu agradecemento a Teresa García Barcala e a Antonio de la Iglesia, polo que me ensinaron e polo que aprendín deles. Ao doutor Cipriano Luis Jiménez Casas, director de *Maremagnum*, pola confianza que depositou en min para colaborar na revista.

2 Cargo que desempeñou en , 2015-2017.

grandes diferenzas interindividuais, desde a deficiencia mental profunda, que se dá en moitos casos, ata un aceptable nivel de independencia na maior parte dos ámbitos da vida cotiá, pasando por individuos cun talento extraordinario en certos aspectos, pero cunha total incompetencia para desenvolverse socialmente”.

- A súa cronicidade —é unha condición coa que a persoa ha de convivir sempre— e a necesidade de formación e aprendizaxe ao longo da vida, o chamado *Life long learning* saxón (Domingo García Villamisar e Araceli del Pozo Armentía, *Maremagnum* n.º 14, 2010).
- O feito de que afecte dun modo tan marcado as relacións entre as persoas, dado que somos seres sociais.
- A importancia da detección precoz destes trastornos, polo factor prognóstico que supón a intervención temperá ante eles.
- A transcendencia da abordaxe multidisciplinar de cada caso, que ha de de involucrar o ámbito sanitario, o social, o educativo.
- O risco de que se dilúan os TEA no concepto xenérico de discapacidade intelectual, sen discriminar as súas peculiaridades.
- O enorme impacto que supón un diagnóstico de TEA na familia, na escola e no ámbito laboral.
- O elevado custo económico que implican os TEA no seu conxunto e que afectan a toda a sociedade.

Dimensión ética e legal do problema

Calquera sociedade defínese a si mesma desde un punto de vista ético pola consideración que demostra cara ás persoas máis vulnerables. A vida dunha persoa con TEA e da súa familia é menos fácil que a dos demais. As súas necesidades sanitarias non son as mesmas que as do resto e requiren unha resposta por parte do noso sistema sanitario acorde a elas.

O 13 de decembro de 2006 aprobouse a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada por España o 3 de decembro de 2007, e entrou en vigor desde o 3 de maio de 2008, ao cumprirse os 30 días desde a ratificación de 20 Estados parte. O artigo 3 desta convención recolle, entre outros, o seguinte principio: “O respecto pola diferenza e a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e condición humanas” (Inés de Araoz, *Maremagnum* n.º 14, 2010).

Coincido con Cipriano Luis Jiménez Casas e Andrea Villarino Rúa (*Maremagnum* n.º 18, 2014) en que “é útil e apaixonante sentirse atraído polas diferenzas”.

Iniciativas despregadas, da vontade á acción

Nos últimos anos, os servizos de saúde de España e da maior parte dos países do noso ámbito iniciaron cambios organizativos importantes e necesarios para enfrontarse a novos retos, e un dos máis importantes é adaptar a prestación de servizos aos requirimentos e ás expectativas que impón a sociedade actual. Por todo isto, a satisfacción dos pacientes e dos familiares debe situarse como un dos principais obxectivos de calquera sistema sanitario. A participación de pacientes e asociacións de pacientes é imprescindible para a mellora e a sustentabilidade do sistema sanitario.

Na maioría das comunidades autónomas do noso país están introducíndose iniciativas orientadas a mellorar a abordaxe do autismo e dos trastornos afíns no medio sanitario.

Na nosa asociación, Autismo Galicia, e nas moitas asociacións dedicadas á sensibilización, abordaxe e atención ao TEA, estase mantendo coa Administración sanitaria unha relación que me atrevería a cualificar de exemplar. Froito desta relación de mutuo respecto e colaboración, xurdiron iniciativas modestas e asemade relevantes, orientadas a facer realidade esa idea da mellora da accesibilidade do sistema e da atención especial a estes pacientes. Falta moito traballo por facer, o camiño non é nin curto nin fácil. Hai dinámicas moi instauradas nas organizacións que fan que calquera cambio leve tempo, pero vanse dando pasos, e cada un deles suma.

A seguir, descríbense algunhas das iniciativas que se puxeron en marcha desde a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, por mor do mencionado diálogo permanente coas asociacións de pacientes relacionadas cos TEA.

1. A TARXETA AA


En 2011, implantouse un procedemento que se mantén na actualidade e que favorece que os pacientes con TEA sexan atendidos con carácter preferente, coñécese como a tarxeta dobre A (tarxeta AA). O obxectivo desta tarxeta é identificar as persoas con autismo de modo que se favoreza en todo momento, tanto no ámbito hospitalario coma en atención primaria, a súa accesibilidade aos servizos de forma rápida e priorizada. Por unha banda, trátase de minimizar no posible as esperas nas consultas dos centros de saúde, nas consultas externas, en servizos de urxencia e hospitalización, así como permitirlles aos seus acompañantes e cuidadores o acompañamento permanente durante a prestación de servizos.

Para conseguilo proporcionáraselles a estes pacientes unha tarxeta sanitaria cun distintivo específico AA que se asocia ao procedemento propio que todos

os profesionais deben coñecer e que está publicado na páxina web do Sergas e nas intranet de todas as EOXI (*).

Sempre respectando a intimidade do paciente e a confidencialidade dos seus datos, actívase o protocolo AA cando o paciente se identifica a través da tarxeta ante o profesional sanitario e infórmase o resto dos pacientes que están esperando da necesidade de lles dar preferencia aos portadores da tarxeta AA por motivos médicos xustificadas.

O noso principal problema está sendo a dificultade de informar os cidadáns e os profesionais da existencia deste protocolo, pero aos poucos vaise estendendo o seu coñecemento e aplicación. Este ano estase promovendo desde a Consellería de Sanidade a realización de sesións formativas e informativas sobre este procedemento para os profesionais sanitarios en todas as EOXI, co obxectivo de aumentar a súa difusión.



2. ELIMINANDO BARRERAS DE COMUNICACIÓN MEDIANTE SISTEMAS AUMENTATIVOS E ALTERNATIVOS DE COMUNICACIÓN (SAAC). PICTOGRAMAS E PICTODICIONARIO

A accesibilidade cognitiva fai referencia á capacidade de procesar a información. As persoas con TEA teñen dificultades para comprender o ámbito que os rodea. De aí a importancia de acometer procesos de apoio á comprensión dos


(*) EOXI: sigla de estruturas organizativas de xestión integrada en Galicia, das sete áreas do servizos públicos de saúde.

ámbitos nos que as persoas viven ou realizan certas actividades; no noso caso, o ámbito sanitario. Estes sistemas son alternativos á linguaxe oral, e teñen como finalidade aumentar ou compensar (aumentativos/alternativos, respectivamente) as dificultades de comunicación destes pacientes e outros con similares problemas cognitivos.

Baseándonos nas recomendacións da literatura vixente, e no estilo cognitivo do espectro autista, que atende máis as partes ca o significado global, no Sergas optamos por colocar pictogramas universais nas dependencias máis frecuentadas polos pacientes deste colectivo nos nosos hospitais, coma os servizos de Pediatría, as Consultas Externas, ou os servizos de Urxencias.

Grazas ao traballo conxunto de asociacións, directivos e profesionais dos centros, hoxe en día é habitual atopar adhesivos con pictogramas nalgúns dos nosos hospitais, unha iniciativa que se vai estendendo entre todos eles.

Ao ser conscientes de que o lugar onde se colocan é tan importante como a súa forma, e coa intención de facelos facilmente visibles e funcionais, solicitouse que persoas das asociacións asesorasen a persoal do Sergas. E para iso percorreron xuntos os itinerarios paso a paso e foron seleccionando os materiais máis adecuados; é dicir, aqueles que non entorpecesen a visión, que permitisen que a imaxe fose visible desde diferentes ángulos, que a altura fose apropiada para nenos ou persoas en cadeira de rodas...



FARMACIA

ARASAAC http://www.arasaac.org



Así mesmo, e a través da páxina web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, calquera usuario, paciente ou profesional sanitario pode usar un pictotradutor, en caso de que o precise, en <http://escolasaude.sergas.es/contidos/pictotradutor>. Un pictotradutor é un sistema que converte palabras e frases en imaxes accesibles para estas persoas.



Accesibilidade | Mapa do portal | Suxestións e queixas

GALEGO CASTELLANO

ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS

Inicio Menú

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Buscar...

Menú > Información xeral > Pictotradutor

Pictotradutor

Acceso

Pictotradutor

Nova ferramenta de comunicación para pacientes con trastorno de aspecto autista

Os pacientes con trastorno de espectro autista comunicanse máis eficientemente mediante imaxes, por iso os pictogramas favorecen a comprensión e facilitan a comunicación.

Como exemplo:



Pictotradutor

medico

✕ ✓



3. CURSO DE HABILIDADES DE COMUNICACIÓN CON PERSOAS CON TEA PARA PROFESIONAIS

Tras un encontro con Autismo Galicia, no ano 2017 puxéronse en marcha desde o Sergas, a través de ACIS, a Axencia Galega do Coñecemento, as dúas primeiras edicións deste curso, destinado a que os nosos profesionais manexen mellor as situacións clínicas que se lles presenten con estes pacientes. A primeira, que acaba de ter lugar e que foi impartida por profesionais de Autismo Galicia en colaboración coa Subdirección de Atención ao Cidadán, puxo de manifesto a necesidade que teñen os nosos profesionais de aprender ferramentas que lles axuden a axudar a pacientes con TEA.

Nada hai máis importante que a vontade de aproximación respectuosa e correcta ao seu paciente por parte dos profesionais sanitarios. Pero a vontade non é suficiente en todos os casos. Coñecer a peculiar maneira de percibir o mundo que teñen os pacientes con TEA é crucial, porque existen mínimos detalles, perfectamente solucionables, que poden condicionar o éxito ou o fracaso dun encontro entre profesional e paciente. Entre eles, o exceso de ruído ou de luz nunha consulta, a mirada directa que pode xerarlles reaccións de medo, a importancia dun ambiente sosegado para o éxito dunha relación positiva, o valor que teñen para estas persoas as experiencias previas tanto as positivas como as negativas, a necesidade de planificar ben a consulta para o que pode ser conveniente convidalos a visitar a contorna con anterioridade co fin de que saiban con que se van atopar (estratexias de sensibilización, con *role play* se é preciso), a transcendencia de evitar imprevistos e demoras, o efecto balsámico que pode ter un determinado obxecto para un paciente autista e o beneficioso, necesario e enriquecedor que é preguntar sempre aos seus familiares que cousas os tranquilizan, cales os alteran e de que forma é mellor aproximarse a estas persoas, sempre co absoluto respecto aos seus dereitos e á súa dignidade.

4. GUÍAS E PUBLICACIÓNS

O mencionado curso reforza outro tipo de iniciativas encamiñadas a que os profesionais saiban como deben aproximarse e tratar estes pacientes. Unha vez máis, a colaboración entre as asociacións e a Administración marca diferenzas.

Entre as principais, destacan a *Guía de recomendacións para a atención sanitaria aos pacientes con transtorno do espectro do autismo e transtornos asociados* ou o *Protocolo sanitario para pacientes con autismo*.



Porén, é importante seguir avanzando en que estes procedementos se coñezan e se implanten, que non queden en declaracións de intención nin en meros documentos teóricos de referencia vaga. E a isto ha axudar a elaboración e a difusión entre todos os profesionais sanitarios do Sergas doutros folletos e trípticos, coma o documento *Atención sanitaria: Decálogo para pacientes con autismo*, realizado conxuntamente entre Autismo Galicia e o Sergas, ou o tríptico “O seu próximo paciente ten autismo...”, de alto valor didáctico.

5. INVESTIGACIÓN

A aposta pola investigación, en especial no contexto dos TEA, é unha fonte de esperanza para unha abordaxe máis precisa destes casos, para un mellor consello xenético e, en definitiva, para ampliar o noso coñecemento sobre este complexo mundo. Aínda que estenderme neste aspecto transcendería o obxecto do meu artigo, non quería deixar sen mencionar que os avances científicos de institucións como a Fun-



O seu próximo
paciente ten
autismo...

dación Pública Galega de Medicina Xenómica (Sergas), dirixida polo prestixioso investigador Ángel Carracedo, que se atopa na vangarda mundial da Xenética, foron e serán sen dúbida transcendentais. Hai suficientes evidencias de que hai causas xenéticas claras nos TEA e de que existe unha relación entre determinados achados xenéticos e síntomas concretos que se evidencian en persoas afectadas por autismo.

6. OUTROS

Existen outras medidas que se empezan a tomar no Servizo Galego de Saúde, e que poden axudar a unha mellor abordaxe, como son o establecemento de figuras profesionais de referencia para estes pacientes e itinerarios específicos que minimicen as visitas e que as fagan máis eficientes, pero aínda están insuficientemente desenvolvidas.

Outras xa se asumen como rutina, o que non deixa de ser un logro. Por exemplo, a xeneralización do coñecemento e o uso do Cuestionario de autismo na infancia (M-CHAT, *Modified Checklist for Autism in Toddlers*), que constitúe unha ferramenta de cribado importante nas consultas de Pediatría e que axuda moito na detección precoz de posibles casos de TEA.

Conclusións

As persoas con TEA precisan unha mirada especial e desde todos os ángulos. Desde a toma de decisións ao máis alto nivel das organizacións sanitarias, desde a chamada macroxestión, pódese influír moi positivamente na concienciación e no compromiso de toda a nosa sociedade con estas persoas. A Administración pode e debe fomentar cambios que potencien a mellora na atención a estes pacientes e aos seus familiares, e para iso a colaboración coas asociacións de pacientes é dun valor incalculable.

O DEREITO Á SAÚDE ORAL: PROXECTO DE FACILITACIÓN DO ACCESO Á CONSULTA ODONTOLÓXICA A PERSOAS ADULTAS CON TEA

Raúl Crespo García¹, Reyes Bernal Fernández² e
Silvia Eiroa Santos³

RESUMO

No Servizo de Atención Diúrna Terapéutico (SADT) de Aspanaes (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista da Coruña), en Santiago de Compostela, detectouse a necesidade de mellorar a atención odontolóxica que recibían as persoas adultas con trastorno do espectro do autismo (TEA) usuarias do servizo, así como a necesidade de implantar programas que facilitasen un enfoque preventivo na saúde oral das persoas con TEA. Con este fin, iniciouse unha colaboración baseada nun programa de desensibilización ante procedementos odontolóxicos coa Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía, da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

- 1 O autor é o director do Servizo de Atención Diúrna Terapéutico (SADT) de Aspanaes, en Santiago de Compostela. Posgraou en Dirección e Xestión de Centros de Servizos Sociais, UDC. Intervención Especializada en Autismo, Universidade de Alcalá de Henares. Actualmente, cursa o grao de Psicoloxía pola UNED.
- 2 A autora é licenciada en Psicoloxía. Opción Psicopatoloxía e Psicoterapéutica, USC. Docente no mestrado en Prevención de Riscos Laborais da UDC. Especialidade Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada. Escola Politécnica Superior de Ferrol. Actualmente, traballa como psicóloga no Servizo de Atención Diúrna Terapéutico (SADT) de Aspanaes, en Santiago de Compostela.
- 3 A autora é diplomada en Terapia Ocupacional pola Universidade da Coruña. Na actualidade, traballa como terapeuta ocupacional no Servizo de Atención Diúrna Terapéutica (SADT) de Aspanaes, en Santiago de Compostela. Ten formación complementaria en Integración Sensorial. Actualmente, cursa o grao de Psicoloxía pola UNED.

Introdución

O trastorno do espectro autista (TEA) fai referencia a un conxunto amplo de síntomas que afectan o neurodesenvolvemento e o funcionamento cerebral e que dan lugar a dificultades na comunicación e na interacción social, e tamén na flexibilidade do pensamento e da conduta da persoa que presenta este trastorno. As súas manifestacións clínicas varían notablemente, pero defínense en base a unhas características comúns relacionadas coas habilidades para comunicarse e relacionarse cos demais, así como cun patrón restrinxido e repetitivo de intereses, actividades e comportamentos que repercuten na capacidade para anticiparse e adaptarse con flexibilidade ao medio. Nalgúns casos, as persoas con TEA tamén presentan alteracións no procesamento sensorial, o que fai que poidan experimentar malestar ou condutas inadecuadas, como reaccións ante diferentes tipos de estímulos. Por outra parte, o TEA nalgúns casos preséntase asociado a outros trastornos, como a discapacidade intelectual, e este é o caso dos usuarios do SADT de Aspanaes, en Santiago de Compostela.

En relación coas características sinaladas con anterioridade, as persoas con TEA presentan unha serie de necesidades específicas no ámbito sanitario en xeral, e no odontolóxico en particular. Entre elas, cómpre destacar as derivadas das dificultades na comunicación, tanto desde o punto de vista comprensivo coma expresivo. Deste xeito, presentan dificultades, por exemplo, para entender e contestar preguntas, para seguir instrucións, para comprender conceptos abstractos (dor, saúde etc.), para entender a finalidade dunha exploración ou da realización dunha serie de probas, para localizar a orixe da dor e describirla, para recoñecer a sintomatoloxía relacionada, para predicir a conduta dos demais etc. A inflexibilidade mental e de conduta vaise poñer de manifesto en situacións problemáticas nas esperas das consultas, en asociacións negativas co ámbito sanitario derivado de experiencias anteriores de tipo aversivo, en dificultades de adaptación nos ámbitos non habituais da persoa con TEA, en dificultades para autorregular emocións e condutas de forma eficiente, en ter problemas para adaptarse aos cambios etc. Nalgúns casos, tamén hai que salienta as dificultades no procesamento sensorial, que se reflicten en diferentes reaccións a estímulos (visuais, auditivos etc.), no contacto con obxectos ou con outras persoas durante a exploración, na dificultade para manter posturas necesarias para unha exploración ou tratamento durante un período prolongado, na alteración do limiar da dor etc.

Proxecto para facilitar o acceso á consulta odontolóxica

A orixe do proxecto encóntrase nas necesidades de apoio que presentaban os usuarios do SADT de Aspanaes de Santiago na consulta odontolóxica, dadas as especiais características dos procedementos propios desta especialidade sa-

nitaria. As informacións proporcionadas polas familias en diferentes entrevistas cos profesionais do SADT describían dificultades relacionadas coas esperas, coa falta de comprensión do que ía acontecer, co descoñecemento do ámbito e dos procedementos médicos, entre outros. Nalgúns casos referíanse tamén á necesidade de suxeición entre varias persoas para realizar exploracións orais, con elevados niveis de ansiedade e nerviosismo, tanto na persoa con TEA coma nos profesionais e familiares que os acompañaban.

Este proxecto iníciase coa colaboración coa Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais da Facultade de Odontoloxía da USC, dirixida polo catedrático de Estomatoloxía da USC, Pedro Diz Dios. Esta é unha unidade de referencia odontolóxica dos usuarios do SADT desde hai moitos anos que conta cun recoñecido traballo realizado por unha serie de profesionais cualificados e sensibilizados coas necesidades das persoas con TEA e das súas familias.

Obxectivos do proxecto

O obxectivo xeral que nos propuxemos, xunto aos profesionais da Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais, foi mellorar a calidade de vida das persoas con TEA. Para iso, intentamos proporcionarlles os apoios necesarios para que poidan realizar exploracións e tratamentos odontolóxicos habituais nas mellores condicións de benestar emocional e físico, buscamos diminuír os niveis habituais de ansiedade e de estrés nesta situación e intentamos que tivesen o maior nivel de autonomía posible. Para desenvolver este obxectivo realizouse un traballo previo de posta en común de obxectivos, metodoloxías etc., intercambiáronse información e coñecementos entre os diferentes profesionais e determinouse a realización dun seguimento e avaliación conxunta do traballo desenvolvido e do impacto acadado. Este traballo concretouse no deseño, implementación e avaliación dun programa de desensibilización, co obxectivo de que as persoas con TEA usuarias do servizo aceptasen a realización de probas rutinarias exploratorias e, no caso de ser necesario, dos tratamentos odontolóxicos correspondentes sen anestesia xeral e sen mostrar alteracións de conduta.

Co fin de sensibilizar a sociedade en xeral, e a Administración en particular, sobre as necesidades especiais das persoas con TEA na atención sanitaria, tamén nos propuxemos divulgar a experiencia a través da elaboración do documental *DentisTEAndo: O dereito á saúde oral*, para o que contamos coa participación da profesora Rita Jordan (catedrática emérita en Estudos sobre o Autismo da Universidade de Birmingham). Este documental foi presentado como póster no XVIII Congreso da Asociación Española de Profesionais do Autismo (Aetapi), en novembro de 2016 en León, e acabou por se converter nunha ferramenta moi útil para a formación de estudantes e profesionais de diferentes ámbitos –sanitario, educativo e social– nas xornadas formativas a alumnado de

diferentes plans de estudo que tiveron lugar desde a súa presentación no simposio Atención Sanitaria Integral para Persoas con TEA, organizado pola Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, en colaboración con Aspanaes.

Programa de desensibilización

Inicialmente, a psicóloga do SADT deseñou un programa de desensibilización baseado na familiarización progresiva coa clínica dental, cos profesionais sanitarios e co procedemento odontolóxico (pasos, material e instrumentos, mobiliario etc.). Os **destinatarios** do programa foron as 19 persoas con TEA e discapacidade intelectual asociada usuarias do SADT, con idades comprendidas entre os 16 e os 45 anos.

Establecéronse dous **obxectivos** específicos: a) Realizarlles unha exploración odontolóxica ás persoas participantes sen que mostren alteracións de conduta e b) realizarlles, no caso de ser necesario, un tratamento odontolóxico habitual aos participantes sen que mostren alteracións de conduta (con anestesia local, se o tratamento o require).

As condutas obxectivo alcanzaríanse se, durante o tempo establecido, se tolera a súa realización sen que haxa condutas de escape/evitación (o intento de interromper o contacto existente co profesional, co ámbito ou cos instrumentos dentais) ou de agresión/destrución de obxectos (golpear, dar patadas, beliscar ou rabuñar).

Para desenvolver o traballo elaboráronse materiais psicoeducativos de apoio para a intervención, como fotografías dos instrumentos utilizados (sonda, espello, depresor...), secuencias dos diferentes pasos das actividades, elaboración dun xogo adaptado (bingo) que permitise a familiarización cos materiais e instrumentos utilizados, elaboración de pictogramas para a sinalización da Unidade de Pacientes Especiais e outras dependencias da Facultade de Odontoloxía, elaboración dun vídeo dun usuario do SADT no que se visualiza unha exploración odontolóxica que serve como modelo para outras persoas con TEA, paneis de normas sociais para utilizar na consulta e na sala de espera, historia social sobre a importancia de manter unha boa saúde oral etc. Recibiron formación a terapeuta ocupacional e a auxiliar de clínica do SADT no manexo do instrumental odontolóxico, así como na exploración oral por parte dunha odontóloga da Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais.

Procedemento

Determináronse grupos de catro ou cinco usuarios por necesidades de organización do servizo e cada grupo realizou unha sesión semanal de arredor dunha hora de duración. Durante todas as fases, fíxose un seguimento a través

dos rexistros escritos da evolución dos usuarios nos diferentes pasos e procedementos odontolóxicos que servían para facer unha avaliación continua do proceso e para realizar as modificacións necesarias en función das demandas dos participantes no programa e, finalmente, establecéronse os ítems obxectivos das condutas que se pretendían cumprir. Este rexistro complementouse con outro de carácter audiovisual que permitía evidenciar a evolución dos usuarios nas diferentes sesións e que, ao mesmo tempo, serviu para elaborar o documental *DentisTEAndo*.

Para establecer unha liña base, realizouse no contexto real da consulta da Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais unha avaliación inicial por parte dos odontólogos, co fin de establecer a resposta dos usuarios ante procedementos odontolóxicos habituais (a realización dunha radiografía panorámica e a exploración oral na cadeira do dentista) e de determinar o paso exacto do adestramento en que se encontra cada usuario.

A intervención dividiuse en cinco fases. As sesións de simulación comezaron nas instalacións do Centro de Día do SADT en setembro de 2013 e os tratamentos realizáronse na Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais en maio de 2015.

1.^a FASE. FAMILIARIZACIÓN DOS USUARIOS CO INSTRUMENTAL BÁSICO ODONTOLÓXICO

Tivo lugar nas instalacións do Centro de Día do SADT e foi realizado pola terapeuta ocupacional e, posteriormente, pola auxiliar de clínica do SADT. O obxectivo foi a habituación das persoas con TEA aos materiais máis habituais da consulta a través de diferentes actividades, como a manipulación de material sanitario real cedido pola Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais; a asociación de obxecto, imaxe, xogos de mesa (bingo da saúde oral) etc. E, a través dunha historia social, tamén se lle explicou a un grupo de usuarios con maiores capacidades cognitivas a importancia dunha adecuada saúde oral, o que inclúe unha hixiene dental correcta.

2.^a FASE. SESIÓNS DE SIMULACIÓN DE EXPLORACIÓN DENTAL NO CENTRO DE DÍA DO SADT

Nesta fase ensináronse os pasos habituais dunha exploración dental de forma simulada e o obxectivo foi conseguir adoptar unha serie de condutas, a saber: deitarse nunha padiola, tolerar a luz directa na cara, soportar a invasión do espazo persoal, abrir a boca, tolerar a exploración física exterior e interior da boca con guantes e tolerar a exploración con instrumental odontolóxico (de-

presor, sonda, espello). Os profesionais implicados utilizaron batas de enfermería para realizar estas sesións.

A realización da actividade en grupo permitiu traballar os tempos de espera habituais nas consultas e as quendas entre os participantes con indicadores de tempo e secuencias do proceso con fotografías ou pictogramas, ao tempo que lles permitía ver a evolución dos outros participantes e a utilización de técnicas, como por exemplo o modelado.

Para facilitar esta aprendizaxe realizáronse actividades como a visualización dun vídeo de exploración dental simulada dun dos usuarios do centro, a explicación dunha exploración odontolóxica a través de imaxes e dunha historia social, así como actividades de xogo de roles (por exemplo, unha participante no programa facía de dentista manipulando o instrumental co seu paciente, que era unha boneca).

As sesións realizáronse co apoio de secuencias de imaxes e con achegamentos progresivos nos diferentes pasos, incrementando progresivamente os tempos de exploración e garantindo o benestar emocional e físico de cada participante, así como o reforzo de cada avance. No SADT contabamos tamén cun mapa de intereses de cada usuario, un documento no que se recollían, entre outras cuestións, aqueles elementos que se podían utilizar como reforzadores personalizados durante o programa (alimentos, obxectos, actividades, reforzos sociais etc.). Tamén se usaron durante todo o proceso obxectos preferidos de seguridade ou que lles proporcionaban confort; por exemplo, un usuario utilizaba un saco térmico quente durante a exploración.

3.^a FASE. SESIÓNS DE SIMULACIÓN DE PROCEDEMENTOS DENTAIS HABITUAIS NO CENTRO DE DÍA DO SADT

Nesta fase, coa axuda dun equipo odontolóxico portátil cedido pola Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais, adestráronse condutas necesarias para tolerar un procedemento dental habitual –é dicir, aceptar a colocación dun abre-bocas, tolerar o ruído do aspirador e a aplicación de aire nas superficies dentais ou aceptar a colocación dun dique na boca (instrumento de látex para illar o dente no que se vai operar e previr accidentes durante o tratamento)– e simulouse a realización de radiografías, así como a a inxección da anestesia cunha agulla cuberta por unha protección plástica.

A particularidade desta fase respecto da anterior é que requiría un maior esforzo por parte dos participantes ao ter que tolerar a boca aberta durante máis tempo e con instrumentos de gran tamaño e moi invasivos, como son o abre-bocas e o dique. Por outra parte, os ruídos que emitía o instrumental e o aire do aspirador do equipo portátil resultaron moi molestos para varios participantes, polo que se fixeron aproximacións sucesivas a estes instrumentos.

4.^a FASE. SESIÓNS DE SIMULACIÓN DE EXPLORACIÓN E PROCEDEMENTOS DENTAIIS HABITUAIS EN CONTEXTO REAL

Nesta fase apoiouse a desensibilización con estratexias similares ás fases anteriores, como achegamentos progresivos, a utilización de reforzadores etc. Estas sesións desenvóléronse na Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía, co apoio dos profesionais de referencia do SADT. Os usuarios acudiron un día á semana á unidade para levar a cabo achegamentos progresivos cos profesionais odontólogos, co fin de xeneralizar as aprendizaxes e habilidades adquiridas previamente no contexto habitual do centro de día. Este proceso foi facilitado polo feito de ser a mesma odontóloga a que iniciou a colaboración e o apoio no centro de día durante a fase inicial do programa.

Paralelamente ao desenvolvemento do proceso de desensibilización, foi necesario mellorar a accesibilidade cognitiva da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, especialmente o espazo relacionado coa Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais, para o que se sinalizaron os máis significativos a través de pictogramas para favorecer a comprensión e a autonomía das persoas con TEA. Tamén se elaborou un documento específico no que se recollía información personalizada relevante de cada usuario sobre formas de comunicación, aspectos de conduta, elementos reforzadores, materiais distractores e obxectos relaxantes etc. que puidesen ser relevantes para os profesionais odontólogos e facilitar a comprensión e a relación coa persoa con TEA durante a consulta. Durante estas fases, tamén lles resultou de grande axuda a utilización de diferentes tipos de temporizadores visuais e auditivos para entender e controlar o paso do tempo.

5.^a FASE. TRATAMENTOS ODONTOLÓXICOS

Finalmente, empezaron os primeiros tratamentos odontolóxicos cun grupo de usuarios, en función das avaliacións de necesidades de saúde oral realizadas polos profesionais sanitarios, e eses tratamentos foron os seguintes: realización de tartrectomías (limpezas), selado de fisuras, obturacións (empastes) e extraccións. A colaboración cos profesionais da unidade posibilitou que as persoas con TEA fosen acompañadas en todo momento por profesionais de referencia de Aspanaes que lles daban seguridade e podían mediar en situacións complicadas derivadas da intervención, malia que se ausentaban cando non era necesaria a súa presenza.

Durante todo o proceso utilizáronse unha serie de **estratexias xerais de intervención** que lles poden servir de orientación aos profesionais da odontoloxía que inicien procesos de desensibilización similares, sempre en función das características de cada paciente (intereses, capacidade cognitiva etc.):

- Coñecer cada persoa con TEA e a súa forma de comunicación e interacción. Como norma xeral, é adecuado utilizar frases curtas e sinxelas apoiadas con xestos, adoptar un ton suave e tranquilo, empregar unha linguaxe concreta e evitar bromas e ironías de difícil comprensión, facer preguntas concretas e pechadas, deixar un tempo para procesar a información verbal e comprobar se a persoa comprendeu a instrución.
- Planificar visitas informais previas ao tratamento real. Proporcionarlles aos familiares e profesionais fotografías dos espazos e do persoal que traballará na clínica co paciente.
- Propiciar que os ambientes sexan tranquilos, coa posibilidade mesmo de realizar unha sesión de relaxación previa respectando o estado emocional da persoa en cada momento, así como diminuír o número de estímulos dentro do posible (iluminación, evitar ruídos súbitos como a aparición repentina do aspirador...).
- Diminuír os tempos de espera para entrar na consulta e ter flexibilidade nos tempos de consulta, coa posibilidade incluso de dispoñer de máis tempo e de lles dar prioridade ás primeiras citas.
- Ter preparados de antemán os materiais para o seu uso (instrumental e cadeira dental xa recostada).
- Utilizar apoios visuais para explicar e anticipar.
- Utilizar temporizadores para facilitar a comprensión do paso de tempo.
- Falar de temas relevantes para a persoa con TEA, co fin de que se tranquilice.
- Permitir o acompañamento dunha persoa de referencia.
- Ser previsible, o que se pode conseguir achegándose progresivamente por diante ou facendo movementos suaves e con anticipación (por exemplo, “vou tocar a boca”).
- Adaptarse ao ritmo de cada persoa, e sempre sen forzar.
- Reforzar positivamente cada avance (eloxios, obxectos, música etc.) en función dos intereses de cada persoa.
- Permitir os obxectos “de seguridade” dos pacientes que o necesiten, así como aqueles que favorezan a distracción (música) ou aqueles que lles axuden a non ter alteracións sensoriais; por exemplo: tapóns nos oídos, lentes de sol para diminuír a luz da lámpada dental etc.

Resultados

O programa de desensibilización continúa desenvolvéndose na actualidade con diferentes tipos de sesións, en función das necesidades de apoio concretas de cada usuario. A seguir, resumimos os resultados acadados ata este momento:

— Por un lado, foron 19 os usuarios que fixeron a exploración oral inicial feita polos odontólogos como liña base e previa á instauración do programa. Destes usuarios, 10 deles (o 52 %) admitiron que se lles fixese a exploración e, despois de participaren no programa, hai que salientar que melloraron a realización dos diferentes pasos (por exemplo, a apertura da boca foi maior e durou máis tempo).

Os outros 9 usuarios presentaron alteracións de conduta que inicialmente non permitiron realizar ou finalizar a exploración. Tras participar no programa, lograron facer unha exploración oral (incluída a realización de radiografías intraorais), e finalmente completouse o 100 % de éxito nesta fase.

— Unha vez superada a fase de exploración, os 17 usuarios para os que era un tratamento indicado acudiron á consulta odontolóxica co fin de que se lles realizase unha tartrectomía. Destes usuarios, 14 deles (o 82 %) realizárona nunha soa cita e non resultou posible cos 3 restantes (o 18 %).

— Un total de 18 usuarios acudiron á consulta odontolóxica para lles facer un selado de fisuras preventivo. Convén salientar que para realizar este tratamento é necesario aplicar anestesia local e, posteriormente, colocar un dique de goma para delimitar a zona que se vaia tratar. Destes usuarios, 12 deles (o 67 %) sometéronse ao tratamento sen presentar alteracións de conduta e 6 (o 33 %) non o superaron. Destes 6 usuarios, tres aceptaron a administración de anestesia local, pero non toleraron a posterior colocación do dique e os outros 3 non chegaron a aceptar a administración da anestesia local, polo que necesitarán máis sesións de simulación antes de realizar o tratamento.

— Realizaron obturacións con anestesia local 2 usuarios.

— E realizaron unha extracción con anestesia local un total de 3 usuarios.

Conclusións

Os programas de desensibilización, malia estaren suxeitos a consideracións económicas e temporais, poden facilitarlles a moitas persoas con TEA a realización de exploracións e tratamentos dentais. O que se busca é favorecer a diminución da ansiedade e do estrés ao evitar o uso de restricións físicas innecesarias, a diminución ou desaparición de condutas inadecuadas que adoitaban

ter unha frecuencia e intensidade alta, a mellora na realización de probas e nos diagnósticos e a diminución do recurso á anestesia xeral no quirófano.

Os programas preventivos individualizados son fundamentais na saúde oral das persoas con TEA, especialmente os programas de hixiene dental. Xunto aos programas de desensibilización, deben ser implementados xa en idades temperás. E, por outra parte, a coordinación efectiva entre servizos sanitarios e sociais contribuirá a garantir unha atención integral ás persoas con TEA e repercutirá nun uso máis eficiente dos recursos dispoñibles.

Bibliografía

- Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Asemblea Xeral de Nacións Unidas, 13 de decembro de 2006.
- Cuesta, J. L., *Trastornos del espectro autista y calidad de vida. Guía de indicadores para evaluar organizaciones y servicios*. Ed. La Muralla. 2009.
- Cuvo, A. J.; Godard, A.; Huckfeldt, R. e DeMattei, R. (2010). Training children with autism spectrum disorders to be compliant with the oral assessment. *Research in Autism Spectrum Disorders*, 4, 681-696
- da Silva, S. N.; Giménez, T.; Souza, R. C.; Mello-Moura, A. C.; Raggio, D. P.; Morimoto, S.; Lara, J. S.; Soares, G. C.; Tedesco T. K., Oral health status of children and young adults with autism spectrum disorders: systematic review and meta-analysis. *Int J Paediatr Dent*. 2016 Oct 31. doi: 10.1111/ipd.12274.
- Estratexia española en trastornos do espectro do Autismo. Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade. Aprobada polo Consello de Ministros o 6 de novembro de 2015.
- Muñoz, J., Marín, M., “Necesidades sanitarias de las personas con discapacidad intelectual y sus familias”. *Siglo Cero: Revista Española sobre Discapacidad Intelectual*. Vol. 36, n.º 215. 2005, páx. 5-24.
- Orellana, L. M.; Silvestre, F. J.; Martínez-Sanchis, S.; Martínez-Mihi, V.; Bautista D., Oral manifestations in a group of adults with autism spectrum disorder. *Med Oral Patol Oral Cir Bucal*. 2012 May 1;17(3):e415-9.
- Pérez, L., *Discapacidad y asistencia sanitaria. Propuestas de mejora*. Colección Cermi, 2006, pax. 33.
- Pérez, M. E.; Limeres, J.; Fernández, J., *Manual de higiene oral para personas con Discapacidad*. Santiago de Compostela, 2012.
- Schalock, R. L.; Verdugo, M. A., *Calidad de vida. Manual para profesionales de la educación, salud y servicios sociales*. Alianza Editorial, 2003.
- Enderezo en internet do documental *DentisTEAndo. El derecho a la salud oral*: <https://www.youtube.com/watch?v=NKXazmHaV4c&t=38s>.

SISTEMAS SANITARIOS EQUITATIVOS, EFECTIVOS E CON MÁIS VALOR

Teresa de J. García Barcala¹ & Cristina Couto Pena²

RESUMO

A saúde como principio esencial na vida das persoas require unha atención integral ao longo do ciclo vital que se ha prestar con garantías de efectividade, equidade, satisfacción para o paciente e eficiencia. Non debe existir discriminación ningunha por razóns ou variables ligadas á persoa, polo que estas garantías se deben estender a todas da mesma maneira. É unha responsabilidade social e sanitaria o seu cumprimento e a superación das barreiras que poidan impedir o acceso aos servizos sanitarios e que, por extensión, leven a un desaxustado seguimento e coidado da saúde. Neste sentido, as administracións, a sociedade, os pacientes e as súas asociacións debemos ser axentes activos na superación das barreiras existentes para as persoas con necesidades específicas de apoio, como son os trastornos do espectro autista, e contribuir ao desenvolvemento das mencionadas garantías.

- 1 A autora estudou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Mestrado en Intervención e Xestión de Servizos Sociais da Universidade da Coruña. Traballa en diferentes áreas e servizos na Federación Autismo Galicia desde o ano 1997. Exerce como voluntaria e, desde 1998, como profesional. Actualmente, desenvolve funcións como responsable da Área de Saúde da entidade. Así mesmo, é irmá dunha persoa con TEA e nai dunha persoa con síndrome X fráxil.
- 2 A autora é licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Mestrado en Atención Temperá e é experta en Terapia Familiar. Actualmente, traballa como asesora técnica na Federación Autismo Galicia e é responsable da Área de Atención Socio-Familiar.

Introdución

Que é a saúde senón un dos piares básicos da nosa existencia? Calquera persoa nos pode chegar á súa verdadeira dimensión cando lle facemos esa pregunta tan reiterada de “qué é o máis importante para ti na vida”. A resposta adoita ser, na súa intención máis reflexiva, “a saúde”.

Segundo a OMS (2002), a saúde é un principio esencial, entendido como un estado completo de benestar físico e non soamente como a ausencia de enfermidades.

É recoñecido como un dereito en leis e en instrumentos internacionais, nacionais e autonómicos. A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o seu Protocolo Facultativo foron aprobados o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Este documento, ratificado por España o 3 de maio de 2008, recolle no seu artigo 25 o recoñecemento ao dereito das persoas con discapacidade a gozar do máis alto nivel posible de saúde sen que sufran discriminación por motivos desta situación e establece tamén que os Estados parte deben adoptar as medidas pertinentes para asegurar o seu acceso a servizos de saúde.

Da interpretación da convención resultaría a esixencia de que os servizos sanitarios dispoñan dos coñecementos específicos necesarios e que os servizos estean adaptados ás necesidades das persoas con discapacidade (Araoz, 2010, *Maremagnum*, pax. 64).

No ordenamento xurídico español, o recoñecemento do dereito á protección da saúde recóllese no artigo 43 da Constitución española do 78 e no seu desenvolvemento lexislativo posterior. Así, no preámbulo da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública regúlase a necesidade de organizar axeitadamente o sistema sanitario e establécese que os poderes públicos han de asegurar e mellorar a saúde da poboación, actual e futura, e enténdese o investimento en saúde como unha contribución decisiva ao benestar social. E, tal e como recolle o artigo 6.1 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, esta garantía realízase a través das accións propostas para promover a saúde e prever os problemas que afecten a esta, en condicións de igualdade para toda a poboación, sen que poida producirse discriminación ningunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Protección da saúde e atención sanitaria

Tamén convén facer referencia a outros instrumentos que desenvolven a protección da saúde e atención sanitaria, máis concretamente aquela das per-

soas con discapacidade e con TEA. Velaquí algún destes instrumentos: a Estratexia española para os TEA, aprobada en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; a Estratexia europea sobre a discapacidade 2010-2020 e a Estratexia española sobre a discapacidade 2012-2020 ou, no ámbito autonómico, a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.

Pese a este recoñecemento legal do dereito á saúde e á atención sanitaria plena e igualitaria para toda a poboación, a súa protección e desenvolvemento, e a plena efectividade desta desde o punto de vista da persoa con TEA, atopa aínda moitas barreiras. Barreiras que teñen que ver, fundamentalmente, coas dificultades derivadas do trastorno en si e co ámbito sanitario que oferta servizos en distintos niveis para o seu coidado.

As persoas con trastorno do espectro do autismo formulan esixencias importantes para os profesionais e para o conxunto do sistema sanitario, cunha frecuencia cada vez maior se temos en conta as cifras de prevalencia: 1 caso de TEA por cada 100 nacementos segundo Autism-Europe Aisbl 2015. Outras estatísticas de referencia, como a do Centro para o Control e a Prevención de Enfermidades (CDC) dos Estados Unidos, no seu último informe publicado en 2016 verifica unha taxa de prevalencia do autismo en 1 de cada 68 nados.

En relación coas dificultades asociadas aos TEA que interfíren na súa relación co ámbito sanitario, debemos ter en conta que estes son trastornos complexos que afectan o desenvolvemento do sistema nervioso e o funcionamento cerebral. As persoas con autismo poden presentar dificultades na comunicación e na interacción coas demais persoas, por ter afectadas as habilidades para comunicarse e para relacionarse. E, na maioría dos casos, esas dificultades aféctanlle á capacidade para anticiparse e para adaptarse ás realidades do contorno, debido aos patróns restrinxidos e repetitivos de intereses, comportamentos, e hipo e hiperreactividade aos estímulos sensoriais.

No caso das persoas con TEA, a atención sanitaria resulta complicada, xa que as características propias deste tipo de trastorno poden contribuír a que as alteracións da saúde poidan pasar desapercibidas. Poden ser enmascaradas por exemplo polas dificultades no procesamento de estímulos sensoriais, pola percepción e resposta á dor, e tamén polas dificultades á hora de comunicar os síntomas.

No tocante á súa saúde, algúns estudos (Fortuna *et al.* 2015, 77-84) reflicten que as persoas novas con TEA (18-29 anos) presentan maiores taxas de trastornos convulsivos, hipertensión, depresión ou alerxias e, a partir dos 40 anos, aparecen problemas de estrinximento, hiperlipidemia, hipotiroidismo ou incontinencia urinaria. Igualmente, o autismo aparece asociado a condicións médicas identificables cunha frecuencia entre o 5 e 10 %. As conxuncións máis frecuentes danse coa epilepsia, a síndrome X fráxil ou a escle-

rose tuberosa e, nunha proporción non significativa, con trastornos neurocutáneos, erros do metabolismo e infeccións conxénitas (Nieto Vizcaíno C. et al. 2008, 149-57).

Debido ás condicións inherentes ao trastorno, a súa abordaxe e tratamento resulta complexo, e é necesaria a adaptación dalgúns procedementos diagnósticos e consultas ás necesidades individuais da persoa con TEA.

O estudo Pomona España sobre indicadores de saúde das persoas con discapacidade intelectual tamén nos achega información importante, como o feito de que un 25 % das persoas con DI presentan dor bucal e un 18 % non acode ao dentista, a presenza de altos índices de obesidade (un 30 % fronte a un 22 % da poboación en xeral) e a alerta da importante cantidade de mulleres (un 60 %) que nunca realizaron unha mamografía, proba fundamental para unha detección precoz do cancro de mama (Martínez-Leal *et al.* 2011, 406-414). Esta realidade pódese extrapolar ás mulleres con TEA, que contan cun peor estado xeral de saúde (Fortuna *et al.* 2015. 77-84), ao que lle hai que sumar a concorrencia de conflitos específicos relacionados coa saúde feminina e coa saúde mental.

Concretando a análise na saúde mental, as dificultades máis habituais son os trastornos de ánimo (depresión) e os trastornos de ansiedade (Lever e Geurts, 2016; Happé e Charlton, 211; Stuart-Hamilton *et al.*, 2009) e, cunha frecuencia alta, os trastornos de alimentación, catatonía etc.

Tamén cómpre prestar atención e facer un seguimento dos posibles problemas derivados da sobremedicación, como os efectos secundarios tanto a nivel fisiolóxico (aparello dixestivo) coma neurolóxico (bloqueo, lapsus, inestabilidade) que non foron suficientemente estudados (Povey *et al.*, 2011). De aí a importancia de realizar un seguimento permanente, sistemático e frecuente a través do sistema sanitario que teña en conta a especificidade dos TEA.

Intervencións especializadas no trastorno do espectro do autismo

Para abordar a especificidade da que falamos, cómpre ter presente que o trastorno do espectro do autismo require unha intervención especializada. Ademais do papel fundamental dos sanitarios na detección, diagnóstico, avaliación etiolóxica e asesoramento xenético, vai ter un papel fundamental a atención médica lonxitudinal do paciente con TEA, que debe ser ademais un apoio para as familias a través da información e do asesoramento sobre a saúde do paciente.

Polo que se refire á atención especializada a estes pacientes, esta debe combinar a alta capacitación da especialidade que xa teñen os profesionais cun coñecemento máis detallado da especificidade do paciente que permita a pre-

vención e a promoción da saúde, así como a detección de enfermidades e o coñecemento das técnicas máis adecuadas para a súa atención.

Estas dificultades asociadas aos TEA vense incrementadas, directa ou indirectamente, a todos os niveis da súa vida, e máis concretamente no caso da saúde, cando a elas se suman as barreiras que, para o seu coidado e protección, se asocian ao ámbito sanitario, tanto na prestación dos servizos sanitarios coma no espazo físico no que se ofrecen.

Debemos ter en conta que o sistema sanitario está deseñado para atender a poboación en xeral e que se articula a través de procesos, na maioría dos casos, excesivamente ríxidos que non se adaptan ás necesidades dos pacientes con necesidades especiais de apoio para recibir asistencia.

Estes pacientes van requirir na atención sanitaria unha individualización que sexa garantía da superación das súas dificultades específicas e, en consecuencia, garantía dunha prestación eficaz que cumpra co verdadeiro obxectivo desta, que é o coidado efectivo da saúde do paciente en todos os niveis de atención e en toda a extensión do concepto, tal como o define a OMS.

Algunhas das barreiras que o paciente con TEA atopa no ámbito sanitario son as seguintes:

No tocante á atención sanitaria, hai que destacar unha serie de necesidades non cubertas (Martínez-Leal R., *et al* 2011, 406) que se xeneralizarían ás persoas con discapacidade intelectual, tales como o “asombramento do diagnóstico, as enfermidades físicas son interpretadas como parte da DI”. E isto ocorre tamén no caso das persoas con TEA, nas que un comportamento problemático se pode interpretar como un problema de conduta inherente ao trastorno, cando pode ser o síntoma principal ou único dunha condición médica subxacente.

Unha das peores consecuencias que teñen que ver co seguimento e co coidado da saúde é que a persoas con TEA adoitan facer un menor uso dos sistemas sanitarios ca o resto da poboación por mor das dificultades que atopan (Belinchón Carmona M., *et al.* 2015, 48), e chegan incluso a renunciar a determinados tipos de asistencia, como poden ser as revisións xinecolóxicas. E este menor uso detéctase sobre todo na atención primaria, onde ademais existe un maior descoñecemento por parte dos facultativos sobre os TEA e as súas necesidades específicas. O que se detecta é unha infantilización dos servizos; é dicir, a falta de conciencia de que este paciente vai precisar atención específica para o coidado da súa saúde ao longo de toda a vida, no só na idade comprendida na atención pediátrica.

Pero o descoñecemento sobre as necesidades específicas do paciente con TEA esténdese de forma xeneralizada a todo o persoal sanitario que, malia que está altamente cualificado con niveis importantes de experiencia e actitudes

habitualmente positivas, carece de formación suficiente en aspectos relacionados coa comunicación co paciente, especialmente con aqueles que de por si teñen dificultades relacionadas coa comunicación, comprensión ou habilidades sociais, como é o paciente con TEA.

No tocante ao contorno, os espazos sanitarios poden estar saturados de interferencias, como “ruído” visual ou sonoro e salas de espera cheas de persoas, sinais que o paciente pode interpretar de forma errónea e que poden dar lugar a problemas de conduta que dificultarán a atención a todos os niveis.

Propostas de mellora e de accesibilidade ao sistema sanitario

Para entidades como a Federación Autismo Galicia, en coordinación coas súas asociacións que desenvolven programas específicos para facilitar o acceso ao sistema sanitario e mellorar a saúde dos seus usuarios, formulámonos desenvolver propostas de mellora e superación das barreiras detalladas. Este traballo canalízase a través dunha comisión de traballo constituída inicialmente por 6 asociacións con incidencia nas catro provincias galegas, a saber: Aspa-naes, Asperga, Capaces Lugo, Trascos, Autismo Vigo e Fundación Menela.

Estas propostas contan co apoio e coa colaboración do Servizo Galego de Saúde, tanto a través da súa administración coma de hospitais, centros de saúde e profesionais altamente sensibles e concienciados coas necesidades formuladas. Algunhas destas propostas son:

- **Tarxeta dobre A:** “Atención e Acompañamento” para unha atención preferente e para o acompañamento continuo da familia ou dos cuidadores nos procesos sanitarios.
- **Guías e monografías:** “Protocolo de atención sanitaria para pacientes con TEA”; “Recomendacións para a atención sanitaria aos pacientes con TEA”, “Decálogo para a atención sanitaria a pacientes con TEA”, “Protocolo de uso da tarxeta dobre A para familias”, “A tarxeta dobre A, información para sanitarios”.
- **Accesibilidade cognitiva dos espazos sanitarios:** adaptación da sinalización e dos paneis de información gráfica de hospitais e centros de saúde da rede do Sergas, mediante sistemas alternativos de comunicación e pictogramas.
- **Protocolos:** elaboración e desenvolvemento, en colaboración cos órganos de xestión e cos profesionais sanitarios, dun protocolo para a recepción e a atención do paciente con TEA no ámbito de determinadas áreas de xestión integrada do Sergas (Santiago de Compostela).

Neste protocolo recóllense medidas como a incorporación da alerta dobre A nos sistemas informáticos clínicos, a designación de profesionais de atención preferente para o paciente con TEA en determinadas especialidades (Neuroloxía, Xinecoloxía), a incorporación dunha ficha de información achegada pola familia, información clínica informatizada, formación de profesionais sanitarios da área e formación de familias e profesionais de asociación por parte dos sanitarios.

- **Formación especializada de profesionais sanitarios:** a través das canles institucionais do Sergas e de información aos profesionais sanitarios.
- **Difusión e divulgación:** participación en congresos, xornadas e presenza nas redes sociais.
- **Consello Asesor de Pacientes:** participación no Consello Asesor de Pacientes, constituído polo Servizo Galego de Saúde, para integrar as asociacións de pacientes da comunidade.
- **Estudos:** desenvolvemento de estudos sobre a saúde e a atención sanitaria a persoas con TEA, coa participación das familias e das asociacións.

Todos estes programas promoven un modelo de traballo participativo, conectado e eficiente entre pacientes, asociacións e o Servizo Galego de Saúde, co obxectivo de acadar un sistema exemplar na súa prestación e atención.

Bibliografía

- Araoz Sánchez, Dopico, Inés. “Os dereitos das persoas adultas con TEA e a Convención da ONU de dereitos das persoas con discapacidade”, *Maremagnum*, 14, 2010, páx. 63-64.
- Fortuna, Rober J., *et al.* Health Conditions and Functional Status in Adults with Autism: A Cross-Sectional Evaluation. *J Gen Intern Med* 31(1), 2015: 77-84.
- Nieto Vizcaíno, C., *et al.* “Programa de educación sanitaria para persoas con trastornos del espectro autista”. *Anales Pediatría*, 68 (2), 2008: 149-57.
- Martínez Leal, *et al.* “La salud en persoas con discapacidade intelectual en España: estudio europeo Pomona II”. *Revista Neurología*, 53 (7), 2011: 406-414.
- Stuart-Hamilton, S.; Griffiths, G.; Totsika, V.; Nash, S.; Hastings, R.; Felce, D. e Kerr, M. (2009). The circumstances and support needs of older people with autism. Cardiff: Welsh Assembly Government.
- Povey, C.; Mills, R. e Gómez de la Cuesta, G. (2011). Autism and ageing: issues for the future. *Midlife and Beyond*, 230-232.
- Happé, F. e Charlton, R. (2011). Aging in Autism Spectrum Disorders: A Mini-Review. *Gerontology*, 58 (1), 70-78.
- Lever, A. e Geurts, H. (2016). Psychiatric co-occurring symptoms and disorders in young, middle-aged, and older adults with Autism Spectrum Disorder. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 46(6):1916-30.
- Belinchón Carmona M., *et al.* “Problemas clínicos que limitan la calidad de vida de los adolescentes y adultos con TEA y alto funcionamiento (síndrome de Asperger)”, *Maremagnum*, 19, 2015, 48.
- Nieves Bouzas, Ana, *et al.* *Comprendo o meu entorno, Manual de accesibilidade cognitiva para persoas con trastornos do espectro do autismo*. Santiago de Compostela, Federación Autismo Galicia. 2014, 27-45.

SAÚDE E BOAS PRÁCTICAS NAS PERSOAS CON TEA

Cipriano Luis Jiménez Casas¹, Pilar Pardo Cambra², Berta Meijide Rico³, Antía Fernández Castro⁴ e Ana Fernández Araujo⁵

RESUMO

No amplo espectro das persoas con trastorno do espectro do autismo, cada caso é diferente e por iso as necesidades individuais son moi heteroxéneas. Nestas condicións, como se poden achegar os pacientes con autismo ao noso sistema galego de saúde? O lema do Día Mundial da Concienciación do Autismo 2017 é “Rompamos xuntos barreiras polo autismo. Fagamos unha sociedade mais accesible”; é dicir, pon en evidencia a necesidade de dar a coñecer este trastorno nas súas múltiples e diversas manifestacións e de afrontalo no propio sistema sanitario. A información, formación e sensibilización das familias, dos profesionais sanitarios e dos traballadores de atención directa é importante, xa que son eles os que teñen que valorar e interpretar síntomas como a angustia ou a dor.

- 1 O autor é médico da USC, psiquiatra da UCM e psicanalista. Director xeral da Fundación Menela. Vicepresidente de Autismo Galicia. Vogal da Fundación Tutelar Sálvora. Autor de 13 libros e colaborador en 23. Publicou máis de 200 artigos científicos e culturais en diferentes revistas galegas, españolas e europeas. Director da revista *Maremagnum*. Relator en congresos nacionais e internacionais.
- 2 A autora é psicóloga. Especialidade Psicoloxía Escolar e Infantil, na USC. Directora do Centro de Día e Residencial Castro Navá-Fundación Menela (FM) para persoas adultas con TEA. Psicóloga do Servizo de Atención Temperá. Diagnóstico, valoración e orientación no Colexio Menela (FM). Relatora en congresos e xornadas. Formadora na USC e na UNED. Seminarios do Servizo Galego de Saúde e Mestrado en Atención Temperá, na USC. Publicacións na revista *Maremagnum*.
- 3 A autora é pedagoga terapéutica na UPS e logopeda. Titora EE do Centro Menela (FM). Profesora-titora na Escola de Maxisterio e nas Facultades de Psicoloxía e Psicopedagogía da USC. Formación profesional. Mestrado de Necesidades Especiais de Apoio e Atención Temperá e Logopedia. Mestrado, cursos e seminarios, en UDC, USC. UDV, Ceforem e Ceip. Relatora en congresos, xornadas e seminarios nacionais e locais sobre autismo con conferencias ou paneis. Publicacións en *Maremagnum*.

Introdución

A alta prevalencia do trastorno do espectro do autismo e os cambios nos criterios diagnósticos da American Psychiatric Association (DSM-5) impulsaron o debate sobre o autismo e as súas necesidades de cara a reformular os centros e os servizos.

Sexa cal sexa a natureza e a gravidade do seu trastorno, a persoa con autismo debe ser recoñecida como portadora dunha historia persoal única e dunha vida psíquica específica, por moito que esta apareza gravemente desorganizada durante o exame. Hai que considerar esta persoa como un suxeito capaz, en función de ofrecerlle aquilo que necesite para que teña unha vida social, cuxa natureza e importancia é preciso recoñecer. Porén, as formas de relacionarse da persoa con autismo ao longo do seu ciclo vital poden provocarlle, en multitude de circunstancias, descompensación e sufrimento, sentimentos aos que lles ten que facer fronte e que sempre son susceptibles de resolver, mellorar ou reconducir, a través das axudas que en cada momento poidan precisar.

A persoa con autismo está nunhas condicións de serias dificultades á hora de achegarse á complexidade do sistema sanitario. As dificultades de comunicación, tanto de expresión coma de comprensión, farán que síntomas como a ansiedade ou a dor precisen case sempre dunha interpretación e da busca da súa orixe por parte da familia, dos monitores ou dos educadores. Por outra banda, á persoa con autismo non lle resulta doado actuar con autonomía e comprender o ámbito onde se atopa en cada momento de cara a realizar as consultas médicas, determinadas probas, exames, tratamentos ou operacións.

Ansiedade nas persoas con autismo

Estudos recentes sobre a ansiedade e o trastorno do espectro do autismo constatan que a ansiedade pode estar presente nun 39,6 % dos casos de persoas con autismo, a fobia específica nun 29,8 %, o trastorno obsesivo compulsivo nun 17,4 % e o trastorno de ansiedade social no 16,6 %. Por outra banda, ou-

4 A autora é psicóloga pola UPS. Habilitada como psicóloga sanitaria. Mestrado en Dirección de Recursos Humanos. Premio Mellor Proxecto Fin de Mestrado e Certificado de Aptitude Pedagóxica (Universidade Alfonso X El Sabio, Madrid). Axente de emprego no Centro de Día e Residencial Castro Navás (FM). Psicóloga do Proxecto Home Galicia. Publicacións en *Autismo Galicia* e *Maremagnum*. Relatora en xornadas, seminarios e encontros sobre autismo.

5 A autora é diplomada en Enfermería. Traballou no Servizo de Quirófano do Hospital Povisa de Vigo, 2007. No Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia (Sergas), estivo nos Servizos de Atención Primaria e Quirófano, no período 2008-2010. Responsable do Servizo de Enfermería do Centro de Día e Residencial Castro Navás-Fundación Menela en 2010 e desde 2011, onde continua actualmente.

tros factores que convén ter en conta, como a idade, os diferentes tipos de TEA, o coeficiente intelectual (CI), así como a propia avaliación da ansiedade (a través de cuestionarios ou de entrevistas), influirán no tipo e/ou na gravidade do trastorno de ansiedade. Por exemplo, nas persoas cun baixo coeficiente intelectual, a ansiedade aparece con maior frecuencia, o mesmo que acontece no trastorno da ansiedade social. A cuestión que se formula é un bo diagnóstico deste síntoma en persoas que, polas súas dificultades, carecen dunha linguaxe que lles permita expresar os seus sentimentos e as dificultades para identificar e/ou expresar que é o que os está angustiando. O estrés e a ansiedade xorden de maneira moi diferente a través de alteracións físicas (dores de cabeza, estómago, taquicardia, suores...) e psicolóxicas. A resposta a este tipo de situacións son os comportamentos e condutas repetitivas que observamos con frecuencia nas persoas con autismo.

Tal como fora observado por Kanner (1943) e Asperger (1944), a ansiedade aparece reflectida nas súas observacións clínicas que constatan a presenza de medos aos animais, aos médicos, aos triciclos, bucinas etc. Nas persoas con autismo, os cambios de ambiente ou de rutina provócanlles accesos de ansiedade ás veces incontrolables. O temor á novidade e ao descoñecido é tamén fonte de alteración e provocador de ansiedade. A persoa con autismo é máis vulnerable a padecer ansiedade pola mala interpretación que pode facer das ameazas e a anticipación a estas, xa que as reciben como reais. Estas alteracións ansiosas tamén se presentan nos nenos e nenas normais, e polos mesmos motivos; por exemplo, a separación dos seus pais cando teñen que ir á escola, a un campamentos de verán ou ben de vacacións, así como os problemas que xorden cos deberes escolares e tamén coa súa relación cos mestres ou cos compañeiros. Situacións todas elas cargadas dunha maior intensidade no caso das persoas con autismo.

O debate, tal como apunta Domingo García Villamizar (*Maremagnum*, 2015), estaría centrado na ansiedade, o síntoma central nas persoas con autismo. A discusión é se a ansiedade forma parte do propio trastorno ou se, pola contra, é un trastorno susceptible de comorbilidade. Incluso cabería pensar se o autismo e a ansiedade comparten mecanismos etiolóxicos similares.

Avaliar clinicamente a comorbilidade en xeral, e a ansiedade en particular, no autismo continúa sendo un tema complexo. A información ofrecida polos pais ou cuidadores continúa a ser, a día de hoxe, extremadamente valiosa (Paula Pérez, 2013). Outra cuestión sería a ansiedade xeneralizada que, de acordo co DSM-5, se caracteriza pola presenza dunha ansiedade e preocupación excesivas difíciles de controlar e que está presente na maioría das situacións en que se atopa a persoa con autismo.

A ansiedade, como tamén acontece coa dor, constitúen os dous eixes centrais do autismo. Con toda probabilidade, a frecuencia con que se manifesta a ansiedade na poboación en xeral pode agochar a súa prevalencia no autismo, onde o que nos chama a atención é un comportamento que percibimos como extravagante, raro ou incoherente.

Por outra banda, a ansiedade na persoa con autismo pode ocultar o diagnóstico, complicando a aproximación terapéutica ou terxiversando a propia comprensión do trastorno. O estudo clínico da ansiedade pódenos proporcionar o porqué de moitas alteracións de conduta das persoas con autismo que, doutro xeito, permanecerían ocultas. A ansiedade modula o autismo e a súa proxección como individuo. Por iso, faise necesaria comprendela e posteriormente tratala, na medida en que resta calidade de vida, xera sufrimento e afecta as manifestacións das actividades da vida diaria.

A dor nas persoas con autismo

Desde o ano 2013, a Asociación Nuevo Horizonte (Las Rozas de Madrid) e a Fundación Menela (Vigo-Galicia), coordinadas polo Centro Español del Autismo, estamos desenvolvendo o proxecto Educación de Adultos (persoas adultas con trastorno do espectro do autismo), a través dunha serie de iniciativas, que foron desenvolvidas en diferentes programas: Promoción e desenvolvemento integral de persoas adultas con autismo (2013/14), Programa de intervención de cara á calidade de vida e ao benestar (2014/15), Programa de orientación e preparación á inserción laboral (2015/16) e, na actualidade e, desde o ano 2016, Programa para a rehabilitación cognitiva e socio-emocional de educación para a saúde en persoas adultas con autismo, en que se incide na identificación obxectiva da dor e do sufrimento.

A dor, definida como unha experiencia emocional ou sensorial de despracer asociada a un dano tisular presente ou potencial, ou descrito en termos de tal dano (Lathan & Davis, 1994), pode afectar de forma moi negativa as persoas con autismo e con discapacidade intelectual, xa que interfere na súa habilidade funcional, no seu status emocional, nas súas habilidades para o traballo e nas súas relacións interpersoais e sociais. Esta problemática, ademais, supón que os pacientes acudirán con máis frecuencia aos centros de saúde, co conseguinte incremento sanitario (García Villamizar).

Na maioría das enfermidades, a dor forma parte desa tríade médica (calor, rubor e dor). O seu recoñecemento sería unha das claves para valorar a intensidade do sufrimento, así como o tipo de enfermidade, a través da súa localización.

Son frecuentes as respostas irregulares aos estímulos dolorosos nas persoas con autismo, e isto reflíctese cunha menor sensibilidade (hiposensibilidade)

ou de forma hipersensible (hiper ou hiporreactividade) aos estímulos sensoriais e ao interese inhabitual por aspectos sensoriais do ámbito que as rodea. Por exemplo, mostran indiferenza aparente á dor e á temperatura, respostas adversas a sons ou texturas específicas, cheiro e palpación excesiva de obxectos, fascinación visual polas luces ou polo movemento...

A dor é un signo, a integración dunha serie de percepcións físicas que advirten a persoa do risco de dano físico ou de que este dano xa aconteceu. Ademais da experiencia física, esa percepción acompáñase dunha serie de elementos emocionais que poden facer variar a resposta de cada un ante experiencias dolorosas similares. É dicir, que a dor é unha experiencia sensitiva e emocional desagradable, asociada a unha lesión presente ou posible. A dor pode ser aguda ou crónica. A dor aguda reflicte unha lesión que activa mecanismos inmediatos de protección e ten o sentido de protexernos. Agora ben, a dor crónica simplemente carece de sentido, é a experiencia persistente ao longo do tempo do resultado dunha lesión ou de mecanismos fisiolóxicos que se alteraron como consecuencia dunha lesión.

Enfermidades como traumatismos, gripe, epilepsia, obesidade, diabetes, hipertensión, dislipemias, enfermidades inmunitarias, trastornos gastrointestinais etc. adoitan afectar as persoas adultas con autismo, que están máis expostas á dor e ao sufrimento. Ademais, estas teñen moitas dificultades para dar a coñecer o que senten, polo cal é posible que pasen moito tempo sufrindo sen que as familias e os seus terapeutas se dean conta. A dor parece ser un exemplo típico da hiposensibilidade. Unha porcentaxe superior ao 70 % das persoas con autismo presentan con moita frecuencia estereotipias e autolesións, o que leva a sospeitar que teñen unha baixa sensibilidade á dor.

Como se percibe a dor? É unha percepción complexa, de aí que dese paso a unha especialidade médica dentro da Neuroloxía ou da Anestesioloxía, que é a Algoloxía ou a Medicina da Dor. Os receptores encargados de percibir a dor e de transmitila para activar os mecanismos de protección (térmicos, mecánicos ou mixtos) dan paso á protección inmediata que provocan a retirada do corpo exposto ao estímulo doloroso. A continuación, prodúcese a alerta xeral e a localización a través de respostas cardiovasculares e bioquímicas nun mecanismo de fuxida, seguidas de cambios de conduta, con respostas emocionais e do comportamento que acompañan as respostas dolorosas, para concluír no proceso analxésico que o corpo xera de cara a producir o alivio da dor.

Que alteracións observamos nos nenos con TEA respecto da dor? O punto preocupante é a hiposensibilidade á dor, o que non implica que non lles doia, literalmente significa que lles doe menos e, no caso dos TEA, dóelles diferente e, polo tanto, non conseguimos entender a súa dor totalmente, coma tantos outros aspectos relacionados con este trastorno. Neste caso, as persoas con au-

tismo teñen dificultades para expresar o que senten e teñen tamén limitacións para entender as expresións da dor e os posibles mecanismos na percepción (especialmente bioquímicos).

Neste “doer diferente” das persoas con autismo, é importante que os coadadores/monitores de atención directa sexan capaces de recoñecer a dor. A actividade facial ou as variacións na expresión facial, así como os cambios de comportamento, preséntanse como os indicadores máis importantes para xulgar a dor nas persoas con autismo. Fálase moito do exceso de opioides nos TEA, como causa da hiposensibilidade á dor, pero isto non está demostrado na totalidade dos casos estudados. Certo tipo de estudos tamén vinculan o autismo cunha molécula da dor chamada TRPV1, un receptor que se pon en marcha no noso organismo cando se inxire algo picante ou algo moi quente. No entanto, o máis problemático é que a dor non sexa recoñecida e que a persoa con autismo, neste caso, poida quedar sen tratamento (Carlos E. Orellana Ayala).

Avaliar a dor nas persoas con autismo e discapacidade intelectual asociada é un auténtico reto, ao non poderen manifestar, tal como acabamos de indicar, onde lles doe, así como a intensidade desa dor. A pesar das moitas doenzas que poida presentar a persoa con autismo, a prevalencia da dor non está establecida, debido a que o seu recoñecemento é difícil, dado que a persoa con autismo presenta unha maior incidencia de problemas psiquiátricos comórbidos –ansiedade, depresión, trastorno bipolar ou trastorno obsesivo compulsivo etc.,– que a poboación xeral.

Como se identifica a dor? A Asociación Nuevo Horizonte e Fundación Menela teñen como un dos seus obxectivos mellorar a calidade de vida das persoas adultas con autismo, polo que o proxecto da identificación da dor e do sufrimento, no programa anteriormente nomeado de rehabilitación cognitiva e socioemocional en fase de desenvolvemento, nos parece de máximo interese de cara a incrementar a calidade de vida das persoas adultas con autismo en relación coa saúde, e a través dun programa educativo.

O problema é, pois, poder identificar a dor nesta poboación, pola falta de instrumentos axeitados para tal identificación e diagnóstico.

Boas prácticas en saúde na Fundación Menela

1. SERVICIOS DE DIAGNÓSTICO E ATENCIÓN TEMPERÁ E CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA

Nos servizos de saúde, son necesarios os apoios persoais, físicos, verbais, e sobre todo visuais, que lles proporcionen ás persoas con TEA a comprensión do ámbito que os rodea, co fin de diminuír a ansiedade que este lles produce. “Se unha persoa on síndrome de Down presenta a cara amable da discapaci-

dade, o autismo ilustra esa parte descoñecida que ninguén entende e coa que resulta difícil sintonizar” (F. Fernández, da Fundación Autismo Murcia). A estimulación sensorial do ámbito que rodea as persoas con autismo pode producirles rexeitamento, mala interpretación ou dor, o que se manifesta a través dun trastorno de conduta. A persoa con autismo estanos manifestando: “Comprendeme!! Non me atribúas tantas intencións, son moito máis sinxelo ca todo iso... Dime as cousas claras, de forma que as comprenda”.

Hai que ter sempre presentes as carencias que as tres teorías cognitivas tratan de explicarnos arredor da complexidade do autismo: débil “coherencia central”, falta da “teoría da mente” e dificultades na “función executiva”. É dicir, as persoas con autismo quedan no detalle, non ven o global do que teñen presente, intúen pouco da actividade que xorde e do pensamento do outro e, por suposto, precisan que lles descodifiquemos as tarefas en secuencias, escoitándoos e observándoos, a través da palabra ou dos propios xestos e/ou comportamentos. Tamén lles podemos axudar con apoios visuais (pictogramas), con programas de desensibilización, con obxectos e con indicacións dos pasos que supón unha visita médica.

No CEE Menela, realízanse e utilízanse axendas que recollen a secuencia da consulta odontolóxica da Unidade de Pacientes con Necesidades Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, así como doutras especialidades de atención sanitaria (Consultar neste n.º 21 de *Maremagnum*, o artigo de Crespo García, R.; Bernal Fernández, R. e Eiroa Santos, S.: “O dereito á saúde oral: proxecto para facilitar o acceso á consulta odontolóxica a persoas adultas con trastorno do espectro do autismo”).

Experiencias xa recoñecidas neste eido son o programa AMI-TEA (atención médica integral), do Hospital Gregorio Marañón (Madrid), que tivemos a ocasión de coñecer no Congreso Repensar o Autismo, organizado por Fundación Menela (Vigo, 2011), ou o programa Doutor TEA, no Hospital Puerta de Hierro en Majadahonda (Madrid).

Nos hospitais clínicos da USC, da Coruña e de Vigo, estanse realizando, en colaboración coa Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia), programas no proceso de accesibilidade á saúde das persoas con autismo en Galicia, nos cales colabora a Federación Autismo Galicia e as súas asociacións.

Ás dificultades na comunicación, tanto para expresar as súas doenzas, intensidade e localización, coma para responder as preguntas, cooperar nas exploracións, probas etc., hai que lles engadir as alteracións nas relacións sociais (médico-paciente) ou a adaptación a determinadas intervencións, ás que se xuntan alteración sensoriais, perceptivas, inflexibilidade cognitiva e de conduta, e a ansiedade, como determinantes nunha atención sanitaria o menos

cruenta posible. A todas estas características, como sucede en calquera outro paciente, hai que sumarlle o descoñecemento da súa historia clínica en relación coa importancia das súas experiencias infantís, que adoitan deixar unha marca ás veces considerable. Aos pacientes con TEA na consulta clínica non é aconsellable mentirlles nin omitir nada que implique unha molestia ou dor, de cara a conseguir a súa confianza para próximas intervencións (p. ex., extraccións sanguíneas, vacinas etc.). Isto supón un traballo individualizado, adaptado ás características e ás necesidades de cada persoa, anticipando e facilitando o que puidera ocorrer en cada momento. É fundamental empregar unha linguaxe clara e comprensible, programas de desensibilización, unha secuencia dos pasos que supón unha visita médica etc. Este labor vaise realizando no proceso diario de enfermmería, coa toma da tensión arterial e da temperatura, pequenas curas diarias etc.

Estas estratexias de intervención conseguen diminuír a ansiedade e, polo tanto, tamén as posibles alteracións de conduta que poidan acontecer.

2. CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL CASTRO NAVÁS

No Centro de Día e Residencial Castro Navás conséntase que certo tipo de patoloxías poden pasar inadvertidas ou ser detectadas cando a situación se volve máis grave. Acontece, por exemplo, en determinadas fracturas ou feridas, febre sen causas aparentes, infeccións que se complican etc.

Dadas as características das persoas con autismo, faise necesario facer revisións periódicas coa “ficha de información” da consulta onde conste a información complementaria á historia clínica e indicar, por exemplo, as habilidades comunicativas, a conduta, as alerxias, os tratamentos, as enfermidades asociadas, a tolerancia á dor, o estado anímico, a epilepsia, o perfil sensorial... e, por suposto, ter un profesional de referencia de cara a eliminar as barreiras que dificulten unha atención de calidade aos pacientes con autismo.

Os problemas médicos identificados en Castro Navás que se presentan con maior frecuencia son de tipo neurolóxico (epilepsia), dixestivo (estrinximento, diarrea, dor...), dermatolóxico (autolesións, eccemas...), nutricional (inxeccións inadecuadas, intolerancias, pica...), hormonal (alteracións do ciclo menstrual, síndrome premenstrual...), endocrinolóxico (colesterol), odontolóxico, ortotraumático, alteracións do sono, alteracións secundarias por medicación crónica, alerxias, oftalmolóxicas... A este tipo de problemas hai que lles engadir os trastornos asociados, como son a discapacidade intelectual, a epilepsia, o TDAH, trastornos psiquiátricos (ansiedade, depresión, TOC...).

O comportamento das persoas con TEA pode ser tan desconcertante que, cando pensamos que está ben, por exemplo unha diminución da súa actividade, rutina ou obsesión resulta que se pode traducir ou ser o efecto dunha enfermi-

dade grave. Tamén é importante facer un diagnóstico diferencial a nivel orgánico da persoa con autismo, avaliando as descompensacións e as condutas relacionadas con este diagnóstico.

Outra cuestión non menos importante é o envellecemento da poboación con TEA, cada día mais notorio. Na medida en que se van facendo maiores, os problemas de saúde ou sociosanitarios son máis patentes, máis frecuentes e máis graves, dato que comprobamos nos centros de persoas adultas con TEA. Por iso, faise necesaria a prevención de moitas das enfermidades neste colectivo de pacientes e para iso hai que conseguir que teñan uns hábitos de vida saudables –control na dieta, evitar a inxestión de substancias non comestibles, actividade física (ximnasia adaptada, sendeirismo, piscina etc.–

O Centro de Día e Residencial Castro Navás-Fundación Menela para persoas adultas con autismo participou estes últimos anos en diferentes proxectos sobre a saúde (programas de prevención, sensibilización e promoción da saúde, fisioterapia, odontoloxía ou accesibilidade cognitiva para persoas con autismo) e no programa Educación de adultos con TEA (identificación obxectiva da dor e do sufrimento), así como en cursos e conferencias con especialistas en psiquiatría (medicación en persoas con autismo), xenética, accidentes e contención (crises epilépticas, caídas, queimaduras, intoxicacións, primeiros auxilios...) ou sexualidade.

O Servizo de Enfermería en Castro Navás, con dúas profesionais á fronte, é hoxe un lugar chave no coidado, preservación, clasificación e distribución dos medicamentos, e tamén nas curas e controis que prescriben os médicos dos centros de saúde. O programa formativo de Fundación Menela, a través dos encontros coas familias e das sesións formativas dirixidas a familias e profesionais do TEA, sanitarios e do ámbito educativo, incluíu, entre outros temas, o da saúde desde diferentes aspectos: utilización da tarxeta sanitaria dobre AA, acompañamento a visitas médicas, designación de médicos de referencia, protocolos de urxencia, hábitos alimentarios... Todo isto reflicte a relevancia da problemática dos servizos e da atención sociosanitaria nas persoas con autismo, nestes últimos decenios.

Bibliografía

- Allely, C. S. Pain sensitivity and observer perception of pain in individuals with Autistic Spectrum Disorder. *The scientific world journal*, 2013.
- García Villamizar, D. e del Pozo Armentia, A. “A ansiedade no trastorno do espectro do autismo: Unha análise psicopatolóxica”, 2015. *Maremagnum*, n.º 20, páx. 71-83.
- Grandin T. E Panek R. *El cerebro autista. El poder de una mente distinta*. RBA, 2014.
- Isabel Paula. *La ansiedad en el autismo. Comprenderla y tratarla*. Alianza Ensayo, 2015.
- Kandel, E. R.; Schwartz, J. H.; Jessel, T. *Principios de neurociencia*, IV edición. Editorial McGraw Hill Interamericana de España, SA, 2001.
- Messmer, R. L.; Nader, R.; Craig, K. D. Brief report: judging pain intensity in children with autism undergoing venipuncture. *Journal of Autism and Developmental Disorders* 2008:1391-1394.
- Pfeiffer, B. A.; Koenig, K.; Kinnealey, M., & Henderson, L. (2011). Effectiveness of sensory Integration Interventions in Children With Autism Spectrum Disorders: A Pilot Study. *The American Journal of Occupational Therapy: Official Publication of the American Occupational Therapy Association*, 65(1), 76-85.
- Prkachin, K. M. Assessing pain by facial expression as a nexus. *Pain Red Management*, 2009: 14(1): 53-58.
- Schaaf, R. C.; Benevides, T.; Mailloux, Z.; Faller, P.; Hunt, J.; van Hooydonk, E.; Kelly, D. (2014). An intervention for sensory difficulties in children with autism: randomized trial. *J Autism Dev Disord*, 44 (7), 1493-1506. doi: 10.1007/s 10803-013-1983-8.

CAMBIO DE PAPEIS NA FUNCIÓN SOCIAL DO MÉDICO (Reflexións sobre unha peripecia)

Manuel Sánchez Salorio¹

Catedrático de Oftalmoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Imos reflexionar sobre unha peripecia. Sobre algo que pode designarse como peripecia no sentido máis literal da palabra. O termo peripeteia (do grego περιπέτεια) aparece na *Poética* de Aristóteles e chega ata nós a través da linguaxe propia da dramaturxia. Aínda hoxe, no Dicionario da RAE, na súa pri-

1 Títulos académicos: Licenciado en Medicina e Cirurxía. Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela, 1953. Premio Extraordinario de Licenciatura, 1953. Premio Nacional Fin de Carreira, 1953. Premio Extraordinario do Doutoramento, 1955. Profesor adxunto de Oftalmoloxía na Facultade de Medicina da USC, 1959. Catedrático numerario de Oftalmoloxía da USC (1963). Director da Escola Profesional de Oftalmoloxía da Facultade de Medicina da USC, 1965. Vicedecano da Facultade de Medicina da USC, 1968. Vicerreitor da USC, 1978.

Cargos asistenciais: xefe do Servizo de Oftalmoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Director executivo do Instituto Galego de Oftalmoloxía. Director do Centro Oftalmolóxico Sánchez Salorio en Santiago de Compostela.

Cargos de representación profesional: presidente da Sociedade Oftalmolóxica de Galicia, 1960. Presidente da Comisión Nacional de Oftalmoloxía, 1975. Membro do Consello Nacional de Especialidades Médicas. Membro da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia desde 1981. Vicepresidente da Sociedade Española de Oftalmoloxía (1987-1991). Presidente da Sociedade Española de Oftalmoloxía (1991-1995). Representante de España na EUPO (European University Professor in Ophthalmology). Representante de España no EBO (European Board of Ophthalmology).

Actividade docente: responsable da docencia de Oftalmoloxía na Licenciatura de Medicina desde 1963. Director ou coordinador de programas de doutoramento (1965-1998). Responsable da formación de 182 especialistas en Oftalmoloxía. Fundador e director do Seminario de Oftalmoloxía. Fundador e director da Revista *Studium Ophthalmologicum*.

Actividade investigadora: autor ou coautor de máis de 320 traballos en publicacións científicas nacionais ou estranxeiras. Director ou codirector de 58 teses de doutoramento. Participación en 18 proxectos de investigación financiados. Coordinador da Rede Temática de Investigación Cooperativa en Oftalmoloxía. Instituto de Saúde Carlos III.

meira acepción, o termo relaciónase co mundo do teatro e ten o significado de ‘mudanza repentina de situación debida a un accidente imprevisto que cambia o estado das cousas’.

Imos reflexionar sobre aquela peripecia a través da cal cambia o papel do médico na sociedade e, máis particularmente, sobre o modo e o medio en que se atopa e relaciona co enfermo. Imos percorrer o camiño que vai desde “a illa deserta” idealizada pola chamada “medicina liberal” ata a cada vez máis complexa estrutura institucional en que se exerce a “medicina xestionada”.

E, para analizar estes cambios, imos utilizar o instrumento –o método– que Arnold Toynbee empregou para explicar o auxe e a decadencia de todas as civilizacións que existiron no mundo. A dialéctica entre o reto e a resposta. De antemán, admito que moitos de vostedes consideren este enfoque como excesivamente “culturalista”, pero aos que así o consideren advertireinos de que, aínda que unha perspectiva cultural non permita explicar e resolver as cuestións concretas, é a única que nos permite coñecer os termos nos que se deben expoñer as distintas cuestións. O esquema é o seguinte: cando se produce un cambio histórico –social, económico ou tecnolóxico–, prodúcese unha incitación á que tanto a sociedade coma os individuos teñen que responder. Os que acertan a dar a resposta adecuada pasan a ocupar unha situación de protagonismo e predominio social, cultural e económico. Nada ten máis éxito ca o propio éxito.

Pero adoita acontecer que quen foi capaz de dar unha resposta exitosa a un determinado reto fracase ao ter que responder a un novo cambio. E iso ocorre así porque co éxito prodúcese a “idolización” da resposta. A resposta exitosa convértese nun “ídolo”. En algo absolutamente desexable e defendible, e esquécese que está só ten valor e sentido na ecuación reto-resposta. Cando o reto cambia, só se mantén en forma histórica quen o afronta con actitude libre e adiviñadora, pois o que esixe a novidade é a creación e non a repetición mimética. Pero quen tivo o éxito –e o beneficio– ao responder ao reto anterior tende antes que ningunha outra cousa a defendelo. Tende a “resistir”. Así, a resposta creadora é evitada ou diferida ata que outros, máis libres, se adiantan e acertan. Isto é ao que Toynbee lle chama “o cambio de papeis” e que, dalgún xeito, coincide coa *peripeteia* aristotélica.

Premios e distincións: Premio da Sociedade Española de Oftalmoloxía ao Mellor Traballo Científico, 1960. Socio de Honra da Sociedade Oftalmolóxica de Galicia. Medalla de Ouro do Instituto Barraquer. Medalla Castelao da Xunta de Galicia. Premio ao Mellor Médico do Ano (Madrid, 1995). Medalla de Ouro ao Mérito Sanitario. Xunta de Galicia, (1999). Doutor Honoris Causa pola Universidade de Coimbra (Portugal), 2000. Premio Daza Valdés. Incivi-Universidade Autónoma de Madrid, 2001. Medalla de Ouro e Brillantes do Colexio Oficial de Médicos da Provincia da Coruña 2010. Medalla da Cidade de Santiago de Compostela, 2012. Medalla de Ouro de Galicia, 2015.

Así pois, imos reflexionar sobre o “cambio de papeis” que representou nos últimos tempos a figura do médico *dramatis persona*, sempre importante no gran teatro de mundo.

O reto permanente: o encontro do médico e do paciente. A medicina como relación persoal. A illa deserta

O médico existe –ten sentido– desde que o home enferma. O *pathos* entra na natureza humana no mesmo momento en que o don preternatural se perde. A patoloxía empeza cando o home é expulsado do Edén e a súa natureza é, de modo xa irremediable e para sempre, *natura vulnerata*. A figura do médico é desde entón unha constante na comunidade humana. A súa necesidade non é consecuencia dunha cultura ou dunha civilización particular, senón que é unha esixencia desa natureza vulnerada. Por iso, o sentido da súa tarefa –asistir ao que padece– ten a simplicidade do arquetipicamente humano, chámese pan, ánfora, xefe ou sacerdote. Simplicidade quere dicir aquí que a carga de sentido da súa función se pecha, necesariamente, sobre si mesma. Toda ela deriva dunha mesma fonte e non recibe préstamos alleos. A relación do médico co enfermo aparece así como o prototipo dunha relación “pechada”. Polo menos idealmente, o médico debe atoparse co “seu” paciente –e, está claro, o paciente co “seu” médico–, “coma nunha illa deserta”, para dicilo co acerto expresivo con que o fixo Ernst Schweningen, un gran clínico berlinés, en 1880. Enténdase por iso –repito que polo menos idealmente– que a relación debe establecerse directamente sen intermediarios que a condicionen ou sen instancias alleas que a desvirtúen. En principio, o médico débese aos seus enfermos e a ninguén máis, por iso ha de ser libre. O acto médico non reconece outras finalidades que as propiamente médicas; o paciente busca curación ou alivio e o médico outórgao na medida en que sabe e pode.

Pero iso que outorga só pode ser outorgado a través dunha relación persoal moi particular, e iso é así porque a enfermidade é unha alteración físico-química (agora xa a empezamos a coñecer como unha alteración molecular) que perturba unha función biolóxica. Así debe ser estudada, entendida e interpretada, como algo que debe ser comprendido desde o ámbito da racionalidade científico-natural. Pero doutra banda ese suceso altera, dificulta ou impide a realización dunha biografía persoal. E na medida en que a enfermidade condiciona gravemente a realización dun proxecto de vida persoal, o ámbito que lle é propio –e tamén a racionalidade necesaria para a súa comprensión– esténdese máis alá do da legalidade científico-natural, para entrar naquel no cal o home se realiza como persoa; é dicir, como autor e suxeito dos seus propios actos.

O reto precientífico. O saber erudito como medio para a apropiación en exclusiva dunha área de actividade e de poder

Ata hai relativamente pouco tempo, algo menos de século e medio, o exercicio da medicina constituía unha actividade radicalmente ineficaz. Hipócrates e os gregos do seu tempo realizaron unha grande operación intelectual, que foi sacar a enfermidade do ámbito do sobrenatural para metela no da natureza, no da *Physis*, pero esta operación apenas supuxo un aumento da eficacia da acción do médico. Ata a chegada da ciencia moderna, a eficacia dos remedios aplicados polo médico non era moi superior á dos utilizados polo curandeiro ou polo feiticeiro. O médico coñece mellor ca o profano os síntomas e a evolución das enfermidades, pero descoñece case todo sobre as súas causas e os seus posibles remedios. Todo se reduce á dieta, a algúns remedios empíricos paliativos –Sydenham dicía que sen o láudano non se podía exercer a medicina– e a algunhas manobras como a sangría e as amputacións. Esta ineficacia dura ata finais do século XIX. Aínda en 1880, Berard e Gubler enuncian a coñecida regra de ouro da misión do médico: “curar ás veces, aliviar moitas veces, consolar sempre”.

A pesar desta manifesta inoperancia, o médico goza desde a Idade Media dun status social privilexiado e mantén sen apenas fisuras o monopolio do tratamento da enfermidade. Como se explica isto? Cal é a resposta exitosa, polo menos socialmente exitosa, fronte ao reto da inoperancia?

O médico mantén a súa autoridade e o seu poder a través da adquisición dun saber erudito que lle permite utilizar unha linguaxe á que os demais non teñen acceso. Desde o século XIII, ese saber erudito canonízase e ensínase na universidade, xunto ao dos letrados e ao dos clérigos. Ese saber aprendido nos libros é o que lle permite ao médico poñerlle nome –e ademais en latín– en exclusiva á enfermidade. Poder poñerlles nome ás cousas é un poder moi importante, é o que decide o que é real e o que non o é. O carácter estamental da sociedade pon o resto.

A desproporción entre o status social concedido por este saber libresco e irreal e a súa falta de eficacia non pasaba, está claro, desapercibido. Aí están para demostralo as burlas de Quevedo ou de Moer.

Agora podemos sorprendernos ou rirnos do uso e da ineficacia dese saber esotérico e case máxico. Pero o certo é que aínda segue funcionando. Cando un paciente acode a un médico queixándose de que lle doe a cabeza e non sabe porque e, ao cabo dunhas cantas exploracións, recibe o diagnóstico de “cefaleas criptoxenéticas” o médico está actuando como o facían os nosos colegas precientíficos.

E cando ante unha atrofia da papila óptica cuxa causa descoñecemos dicimos e escribimos “neuropatía óptico-isquémica anterior arteriosclerótica” tampouco estamos moi lonxe desa actitude.

A resposta funcionou porque satisfacía unha necesidade, a de que alguén tiñese polo menos a autoridade de poñerlle nome á enfermidade. Convén lembralo porque aínda hoxe, cando descoñecemos a etiloxía dunha enfermidade ou cando carecemos dalgún remedio eficaz, o médico e o enfermo atópanse nesa mesma situación. E para manter o status e a autoridade non temos outro instrumento que a linguaxe. Pola conta que nos ten, deberíamos evitar a vulgarización excesiva desa linguaxe.

O reto da ciencia moderna

En 1860, sucede un feito cuxa importancia real, pero sobre todo simbólica, é absolutamente esencial. Pasteur descobre que unha enfermidade moi grave, o carbúnculo, é producida por un bacilo. De súpeto, o paradigma —é dicir, o sistema de ideas e crenzas a través do cal percibimos a realidade— sofre unha volta total. Resulta que as enfermidades teñen causas externas a elas mesmas e poden ser identificadas e illadas. A enfermidade explícase como unha secuencia de causas e efectos. Xa non é vista coma un cadro —un cadro clínico—, senón coma un proceso. Desde que Laennec inventa a auscultación, o médico métese “dentro” do corpo do enfermo. Xa non se diagnóstica desde “fóra” —é dicir, desde o que se expresa como síntomas—, senón desde “dentro”. Desde o que produce a alteración. Diagnosticar xa non é o exercicio dunha mirada intuitiva e perspicaz —o famoso “ollo clínico” dos grandes clínicos—, senón o resultado dunha reflexión. Diagnosticar consiste en “rastrexar a traxectoria intraorgánica da causa”. A medicina é xa medicina “interna”. Pero para ver e coñecer ese “dentro” fan falta “aparells”. Desde o fonendoscopio e os primitivos raios X, á resonancia magnética ou ao PET, a carreira é impresionante. A ciencia moderna é a que lle outorga poder e eficacia ao médico. Algo que non ocorre nas profesións clásicas, coma os clérigos ou os xuristas.

A illa deserta énchese de aparellos. E tamén de fármacos que xa son eficaces. En 1932, Dogmak inventa o famoso prontosil, vermello que inicia a historia das sulfamidas. En 1940, utilízase na clínica a penicilina que Fleming descubrira en 1928. En 1943, a cloroquina permite erradicar o paludismo en zonas nas que era unha enfermidade endémica. Nin a ironía de Moer nin a crueldade de Quevedo poderían arremeter ante unha pneumonía ata entón mortal de necesidade e que é varrida en poucos días polas primeiras sulfamidas.

E entón prodúcese un feito ben curioso e peculiar. En ningún momento, o médico —polo menos o médico que ve e cura enfermidades— se transforma nun científico. A peculiaridade do encontro co paciente impídeo. O paciente non é

un cobaia nin un conglomerado de moléculas. O médico asume a ciencia moderna dun modo moi peculiar.

É quen exerce a grande intermediación entre o que a ciencia moderna produce e a enfermidade personalizada nun paciente. A ciencia dálle unha eficacia ata entón impensada, pero durante un certo tempo o médico segue sendo un profesional. Un profesional liberal. Que é ser un profesional? Unha actividade é unha profesión, e non unha ocupación, cando é ela mesma a que decide sobre os contidos do seu exercicio, sobre os usos e os costumes, sobre o que é bo e sobre o que é malo. Só os médicos saben medicina e só eles deciden como se exerce.

Por unha banda, o médico mantén o prestixio das profesións eruditas que se aprenden na universidade e, por outra, adquire a eficacia que lle outorga a ciencia moderna, cousa que non ocorre cos xuristas ou cos clérigos. Pero non se transforma nun científico que traballa polo pracer de investigar ou para o beneficio de quen o contrata. A ciencia dálle poder, pero non lle fai perder autonomía. Por iso, a medicina liberal é a gran profesión desde finais do século XIX ata mediados do século XX.

Que é unha profesión?

Desde o punto de vista sociolóxico, unha ocupación transfórmase nunha profesión cando reclama e obtén un dereito exclusivo para desempeñar certas tarefas, para definir en que consiste o seu propio traballo, para decidir o que é bo e o que é malo, de aí vén a deontoloxía médica. E mesmo para recrutar e educar os seus futuros membros.

As diversas actividades entendidas como ocupacións non poden impedir que os empregadores ou clientes avalíen o seu traballo. Pero as grandes profesións –clérigos, militares, xuristas, médicos– consideran esas avaliacións externas como ilexítimas e intolerables. Como contrapartida, aceptan que o sentido da súa actividade é a orientación aos demais, o servizo á comunidade que é o que xustificaría esa apropiación monopolística dunha área de poder a través dun coñecemento experto especializado. Esa sería a posición do médico.

Moitos de vostedes poden estar pensando que lle dedicamos demasiado tempo a describir un fenómeno por todos coñecido, pero creo que era necesario porque esa resposta exitosa foi “idolizada” ata tal punto que a súa defensa sen concesións en gran medida impediu que os médicos respondesen con prontitude aos novos retos que pronto chegarían. Porque o certo é que o “nivel de adaptación” que supuxo a gran consulta individual privada como única e máis eficaz forma de exercicio da medicina hai xa tempo que foi superado. O primeiro reto que chega é o da xustiza e da equidade.

O reto da xustiza e a equidade. A resposta da socialización

A medicina xa non consiste soamente en *herba et verba*, en herbas e palabras. Faise eficaz pero, asemade, complicase e encarácese. A resposta exitosa –a que se instrumenta a través da profesión liberal– só é válida para os sectores privilexiados da sociedade. Amplísimos sectores da poboación son atendidos en hospitais de beneficencia que chegaron ata os nosos días sen apenas transformación desde a Idade Media e que funcionaban case como asilos. Coa primeira industrialización, aparece o pauperismo. En 1789, a Asemblea Constituínte da Revolución Francesa pública a Declaración dos Dereitos Humanos. Pero pasará case un século ata que ser atendido medicamente apareza como un dereito, como algo inherente á dignidade humana. Como algo relacionado coa xustiza distributiva e non coa caridade. No *Romance de lobos* de Valle Inclán, di o pobre de San Lázaro: “Deus Noso Señor aos pobres mándanos termos paciencia para pedir esmola e aos ricos mándalles teren caridade”. Ese é o reto preindustrial. Pero no primeiro terzo do século XIX, nas grandes aglomeracións fabrís, aparece o proletariado industrial. Agora xa non só hai pobres, hai obreiros proletarios. Os intelectuais burgueses toman conciencia da súa forza. Ser atendido medicamente aparece como un dereito, como algo inherente á dignidade humana. Entre 1882 e 1884, Bismarck acepta o reto e adianta unha resposta. Aproveitando a experiencia dalgunhas asociacións de mineiros, funda as *Krankenkassen* (‘as caixas’). A era da seguridade social comezou.

Non podemos discutir agora polo miúdo como se produce o fenómeno, e ben que o sinto porque é moi instrutivo. En realidade, opóñense tanto os partidos liberais que lle chaman a Bismarck o Chanceler Vermello, coma os partidos socialistas liderados por dous personaxes históricos: Lasalle e Liebknecht. Nese momento, en Alemaña hai dous partidos “sociais”: o Allgemeiner Deutscher Arbeiterband que dirixe Lasalle e o Social-Demokratische Arbeiterpartei que dirixe Liebknecht. As caixas eran autónomas e o seu financiamento corría a cargo do Estado, dos patróns e dos obreiros. A enfermidade xa non supoñía un risco económico. O que está san paga polo que enferma. A asistencia médica outórgase a través de institucións, pero xa non é unha actividade benéfica. A resposta é exitosa –aínda hoxe o sistema alemán baséase en gran parte nas *Krankenkassen*–, pero tarda en xeneralizarse. En Gran Bretaña, fan algo similar as *Friendly Societies*, que funcionan como sociedades de socorros mutuos.

Ao rematar a Segunda Guerra Mundial, os laboristas acceden ao poder de Gran Bretaña. En 1942, prodúcese o informe de Lord Beveridge. En 1946, ins-táurase o National Health Service que vai representar o paradigma mítico de calquera servizo nacional de saúde.

En 1946, José Antonio Girón de Velasco implanta en España o seguro obrigatorio de enfermidade, do que se derivará o Insalud. Nos Estados Unidos, a forza da poderosísima AMA (American Medical Association) atrasa o proceso, pero en 1980 aparecen Medicare e Medicaid.

O reto individual de curar un paciente transfórmase nun reto colectivo, que é o de que hai que curar, ou polo menos atender, a todos os pacientes. E ademais a todos por igual para que non padezan a falta de equidade nin a inxustiza. A resposta pasa tamén a ser unha resposta colectiva. A Administración asume a responsabilidade total da asistencia médica. Pero a cultura, os valores, os usos e os costumes da Administración teñen moi pouco que ver cos da medicina. Eses valores empezan a condicionar o exercicio médico. Nos ambulatorios, o acto médico simplifícase e burocratízase ata niveis que o fan case irrecoñecible. O médico é valorado pola súa capacidade de “despachar” máis pacientes na unidade de tempo. A resposta é tan lóxica como xeneralizada, e establécese o curto circuíto síntoma-tratamento. Se o paciente ten insomnio, recéitáse un hipnótico. Se tose, un antitusixeno. Se ten febre, un antitérmico.

A medicina vólvese, deste xeito, sintomática e polifarmacéutica. E así continúa maiormente. Pero a gran resposta é o hospital. O sistema concentra poder, talento, recursos e persoal no hospital. Esa historia vivímola todos e non necesita ser lembrada. Os hospitais da Seguridade Social elevan o nivel da asistencia médica en España de modo espectacular. A resposta é exitosa porque responde a un novo reto, o da tecnoloxía. O hospital de beneficencia tiña camas, o hospital moderno ten aparellos. O que ilusiona aos médicos para traballar no hospital nos anos 50 é o acceso á tecnoloxía. Ninguén quere estar fóra do hospital, nin os médicos, nin os pacientes, nin os xestores... Aparece a xestión. O hospital volveuse tan grande, tan complexo e tan custoso que xa non pode ser tratado como unha entidade natural. É visto como unha empresa. Vánselle aplicar os criterios da produción. Pero nin os médicos son produtores, nin os pacientes son consumidores, nin as curacións un produto. Ademais, ninguén sabe o que é unha empresa de servizos. A empresa de produción herda unha estrutura e un organigrama que vén desde o exército de Napoleón e desde o Estado maior prusiano. Pero a empresa de servizos apenas ten tradición.

Peter Drucker, o gran gurú da ciencia das organizacións, escribiu que a única empresa de servizos con tradición histórica é precisamente o hospital e que habería que estudar a súa traxectoria para entender o que hai que facer cos servizos. Xustamente o contrario do que adoita propoñerse.

No fondo, ninguén sabe o que hai que facer cos hospitais. Sucedeulles algo parecido ao que lles ocorreu aos dinosauros. Creceulles moito máis o esqueleto ca o cerebro. Cando a terra era firme, o dinosauro era a encarnación da forza e do poder, pero cando se fundiron os glaciares e o chan se fixo pantanoso

afundíronse. Non tiveron imaxinación ao albiscar o cambio nin reflexos para moverse cara á terra firme. Pero como foron a resposta exitosa ao reto da equidade e ao da tecnoloxía seguen crescendo. Hai cada vez máis hospitais e, ademais, cada vez máis grandes. Os custos económicos dispáranse e cando chega a recesión económica a prioridade da xestión consiste en controlar o gasto.

A actuación do médico vai ser planificada desde dúas racionalidades diferentes. Desde o punto de vista da racionalidade científica, a través dos protocolos de actuación derivados da medicina baseada na evidencia. E, desde o punto de vista da racionalidade económica, a través do control do gasto.

O protocolo de actuación aparece como a garantía da excelencia no hospital. Se iso fose correcto, a autonomía do médico non estaría xustificada. Pero o certo é que na medicina nin todo é predicible nin fundado na evidencia. É unha actividade en moitos casos aleatoria. Outra vez aparece a súa clave diferencial, e é que opera con persoas, non con obxectos. A impredecibilidade é o máis propio da vida. Podemos predicir a situación dos astros dentro de 100 anos, pero non podemos predicir por onde vai discorrer o voo dunha mosca que queremos atrapar.

O médico non pode suspender a súa acción ante situacións que escapan do paradigma das fundadas na evidencia. Un cirurxián que non cre en si mesmo é un mal cirurxián. O responsable do que fai é el mesmo, non o protocolo. Por iso o médico, polo menos o médico clásico, tende a valorar o mundo en experiencia. Tende ao individualismo epistemolóxico. Un individualismo e unha independencia que ata agora se integraba co dos colegas dentro do concepto e da dignidade da “clase”. Dise a “clase médica” non a “clase enxeñeira”. Xa non é só un intermediario entre o paciente e a ciencia moderna, tamén o é entre o paciente e a xestión. A súa actividade vólvese xerente-dependente. Ademais de crecer en número e en tamaño, os hospitais vanse facendo estruturas moi ríxidas e moi difíciles de adaptar a calquera cambio. E, nesta situación, no horizonte aparece outro gran reto, aquel que provén dun cambio do tipo de sociedade.

O reto xa non é só o dos custos. É o que provén do cambio da sociedade. A sociedade española foise transformando niso que deu en chamarse unha sociedade civil. Unha sociedade baseada na concorrència na que os cidadáns están afeitos a elixir servizos e produtos veñan de onde veñan, sen outro criterio que a súa calidade, o seu prezo... ou o *charme* que lles engade unha publicidade intelixente.

Unha sociedade civil funciona a través dunha estrutura de axentes sociais e de institucións, de mercados abertos, de asociacións, e todo nun clima de debate público aberto no que de modo continuo e non dogmático se entrecruzan razóns e argumentos.

A adaptación a esta demanda cambiante só pode facerse a través de organizacións de pequeno tamaño e estrutura moi flexibles capaces de construír e de desconstruír o seu propio organigrama de modo case incesante. No grande hospital, a inercia do costume, os dereitos adquiridos e unha cultura baseada no crecemento por aposición máis que por transformación fan que a desconstrución sexa case imposible. Coñezo un grande hospital no que o persoal do Servizo de Pediatría non cesou de crecer, a pesar de que na súa área de influencia o índice de natalidade é o máis baixo de Europa e de que non creceon unidades que deben atender a patoloxía relacionada co aumento da expectativa de vida. O dinosauro resístese a calquera cambio de estrutura.

Debería ser a hora da microorganización. Do deseño de organigramas *ad hoc* adaptados á satisfacción de necesidades concretas. O que está ocorrendo na oftalmoloxía é absolutamente significativo. O reto que supón que a tecnoloxía permitise operar a catarata e os defectos de refracción na liña das cadeas de montaxe orixinou unha proliferación de microorganizacións que ofertan os seus servizos nun mercado aberto. Iso está xa dentro do sentido e do paradigma da sociedade civil. Pero están tamén os perigos do reduccionismo que impón o predominio da racionalidade económica.

Pero tamén é a hora da microorganización por razóns máis profundas. Nas comunidades socialmente máis dinámicas, o horizonte da asistencia médica, tanto pública coma privada, está a poboarse de institutos, de fundacións, de grupos interconectados a través de proxectos concretos.

Cal é a razón desa proliferación?

Eu creo que, deixando á parte a eficacia e a racionalidade económica da autoxestión propia da pequena empresa, a microorganización satisfai outras necesidades propias do ser humano.

Na diferenza que Max Weber estableceu entre *Gesellschaft* e *Gemeinschaft*, a microorganización cumpre as condicións propias da “comunidade”. Satisfai a necesidade de pertenza a un grupo natural. Outorga seguridade e identidade. A relación “cara a cara” ofrece a posibilidade da amizade entre os seus membros, e mesmo a prolongación desa relación a través da vida social.

A microorganización facilita o liderado persoal e a creatividade no deseño e na xestión. O segredo da xestión creativa consiste en que o líder e o grupo sexan capaces de establecer relacións operativas e eficaces cos seus propios soños, de xestionar o seu propio imaxinario. Facilita tamén o desenvolvemento dunha identidade, dunha cultura e duns valores propios. Trátase dun estilo de entender o traballo colectivo que permite tamén a exploración máis ou menos adiviñatoria do futuro. En definitiva, permite analizar e adaptarse ás necesidades dun medio cambiante antes case de que se produzan.

E temos xa, aínda que non ben definida, unha nova resposta. Outro “cambio de papeis” na figura do médico. A illa habitada e xestionada por un grupo, e que ofrece os seus servizos nun mercado aberto. Nomear esa figura como “médico-empresario” é, na miña opinión, utilizar un mal termo, xa que resulta reducionista. Eu nomearía a como o médico que para atoparse cos seus pacientes busca novamente a illa deserta, aínda que agora a illa estea poboada de aparellos, de construtos informáticos e de obxectivos externos que obrigan a que se transforme nunha “illa xestionada”.

A “illa xestionada” aparece como a estrutura organizativa que mellor podería adaptarse ás necesidades dunha demanda cambiante, á conveniencia dun liderado persoal e creativo como antídoto contra a burocratización e, mesmo, á necesidade de pertenza a un grupo. Ademais, o modelo estrutural da Rede (todos conectados con todos en tempo real e en todo momento) fai que a cultura propia da illa nada teña que ver, a pesar da etimoloxía, co illamento.

Vai ser esa a resposta exitosa?

No ámbito da medicina privada, todo parece indicar que xa o está sendo. Nas especialidades en que a tecnoloxía de alta complexidade xoga un papel importante, a consulta individual cede o seu posto á clínica ou ao instituto onde traballa un grupo máis ou menos formalizado.

No sistema público, é moi difícil saber o que vai ocorrer. A pesar de dedicarme persoalmente estes anos a deseñar e a facer funcionar unha microorganización dentro do sector público, hei de confesar que non son capaz de albis-car cal vai ser a tendencia xeral.

Hai algún tempo, no que se refire á asistencia médica, parecía que a Administración tentaba evolucionar desde o modelo “burocrático-funcional” ao de “contrato-público”. En cada comunidade autónoma, a consellería de sanidade sería a autoridade sanitaria á que lle correspondería a definición dos criterios xerais de planificación sanitaria.

Os servizos de saúde de cada comunidade autónoma funcionarían como compradores dos servizos sanitarios, mentres que os hospitais, a través dos xerentes e doutras institucións públicas ou privadas, funcionarían como provedores de servizos dotados de certo nivel de autonomía no seu deseño e na xestión, e mesmo de personalidade xurídica propia. O marco de referencia no que se moverían os provedores sería o da “competencia regulada”. A doutrina supoñía que o funcionamento a través de contratos públicos estimularía a calidade e o custo nas ofertas dos provedores.

Dentro dese marco, podía imaxinarse o papel de microorganizacións especializadas e, mesmo, que algúns servizos nos grandes hospitais se liberasen da

enorme inercia propia do dinosauro, accedendo a niveis elevados de autoxestión e constituíndose como “áreas de xestión clínica” con cultura e identidade propia.

Esta posible resposta á demanda, á diversificación, que é propia da sociedade civil, funcionaría dentro da liña xeral do *small is beautiful*, porque resulta que o pequeno non só é belo, senón que tamén é máis fácil de medir, de xestionar e de identificar. Ademais, a xestión de estruturas de pequena escala permitiría poder equivocarse sen que se lle producise algún dano grave ao sistema xeral e, ademais, o “dereito a equivocarse” é unha condición imprescindible en calquera actividade creativa e innovadora.

Pero o certo é que nada diso ocorreu, polo menos a grande escala. A xestión nos hospitais é cada vez máis profesional, máis centralizada e máis uniformizadora, o que os fai máis gobernables, pero a liña divisoria entre quen ten a potestade e quen, polo menos teoricamente, representa a *auctoritas* faise menos transitada.

Mentres tanto, entre os médicos detéctase un clima xeral de desmotivación social, de cansazo psicolóxico, de actitude nihilista ante calquera proposta de resposta creativa. O reduccionismo que supón o predominio da racionalidade económica na xestión da medicina pública está producindo unha actitude moi próxima ao “alleamento” descrito por Marx nos “manuscritos económico-filosóficos” para explicar o que ocurría cando os artesáns se transformaban en proletarios. A linguaxe é máis sabia ca os sociólogos e, cando un médico nomea o seu traballo como “peonadas”, está diagnosticando esa situación e quen non comparta esta explicación tan “materialista” do actual descontento dos médicos pode recorrer a outra máis “espiritualista”. A educación do médico fai que na súa mocidade interiorice uns valores e uns ideais que dificilmente recoñece no seu traballo cotián no hospital. Como exemplo, pode valer o que ocorre coa investigación.

Durante toda a carreira, os profesores estiveronlle repetindo que a medicina é sempre, como se di no fantástico título do libro de Von Siebeck, *Medizin im Bewegung*, medicina en movemento, e que a única maneira de seguir ese movemento é a apertura mental que só se produce na actividade investigadora. Pero o certo é que para seguir crendo en España que a investigación é un medio imprescindible para mellorar a asistencia “non fai falta estar tolo, pero estalo axuda moito”. E, mentres o reto non se aclara, hai que afacerse a vivir, a traballar e a responder desde a contradición.

E vanme permitir xustificar o meu optimismo recorrendo a un verso de Hölderlin. Unhas palabras certamente misteriosas –o misterio é o máis propio das emocións poéticas–, pero cheas de esperanza: “alí onde está o perigo alí é tamén onde crece a salvación” (*Wo aber das Gefahr ist, wachst das Rettende auch*). Esa é, polo menos, a mensaxe que eu quero transmitir.

ATENCIÓNS MÉDICO-SOCIAIS AOS PEREGRINOS NA CIDADE DE SANTIAGO

José Carro Otero¹

Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia

Introdución

Se é evidente que onde queira que haxa un home existe un enfermo potencial, máis certo resultará que, en condicións extremosas ou difíciles de vida, os sans se poñen enfermos e os enfermos agrávanse. Por iso ninguén pode cuestionar que a patoloxía está ligada intimamente, en certos aspectos, co fenómeno da peregrinación a Santiago ou peregrinación xacobeá, que foi a máis dura en esixencias físicas de todas cantas suscitaron os santuarios famosos do orbe cristián.

Dura, no sentido da afastada procedencia de moitos dos seus fieis que, desde o primeiro terzo do século IX, percorreron Europa desde os seus confíns orientais ata Compostela e, no século XV, chegouse a facer mesmo desde Asia Menor (1), cos inconvenientes derivados das plurais xeografía, climas, formas alimentarias, múltiples etnias e os seus problemas etc., sen contar a aspereza dos camiños, as rutas por mar e ríos e a escaseza xeral de infraestruturas de apoio (2).

1 **Títulos académicos e actividade docente.** Licenciado e doutor en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Tese: *Anatomía antropolóxica antiga do pobo galego*, cun sobresaliente *cum laude*, 1971. Alumno interno de Anatomía e profesor de Anatomía Humana Descritiva e Topográfica da USC, 1973. Profesor de Antropoloxía, Bioloxía Humana e de Historia da Medicina da USC, 1970 e 1991. Profesor de Historia da Profesión; Anatomía Humana; Antropoloxía Física; Embrioloxía Comparada e Citoloxía-Histoloxía Comparadas. Profesor da Escola de Axudantes Técnicos Sanitarios (EATS) e da Escola Universitaria de Enfermería (EUE), USC. Máis de 97 comunicacións e conferencias en congresos nacionais e internacionais. Organizou 8 exposicións histórico-médicas.

Cargos de representación profesional. Secretario da Facultade de Medicina, USC. Padroado EUE de Pontevedra e Comisión de Bibliotecas, USC. Secretario da Facultade de Medicina, USC. Membro do Xurado de Selección Universitaria de Axudas ao Estudo. Comisión de Docencia da Facultade de Medicina

Testemuños de enfermidade

1. **Impetración curativa.** A tumba do apóstolo Santiago Zebedeo ou Santiago o Maior, segundo na orde apostolóxica, despois de Pedro, e irmán de Xoán o Evanxelista, tivo escasa importancia polo seu poder curativo taumatúrxico; é dicir, que quen ía venerala non o facía buscando no “corpo santo” alí sepulto a curación milagrosa das súas enfermidades, senón principalmente beneficios meramente espirituais; é dicir, o perdón dos pecados *sensu lato*. Testemuño inequívoco desa realidade é que nunha selección de 22 milagres atribuídos ao Apóstolo, compilados no século XII e que figuran no famoso *Códice Calixtino* (3), só 6 teñen que ver con beneficios para a saúde, dúas resurreccións incluídas. De entre eles, destacamos o número 12, referente a “certo cabaleiro de Apulia (Italia) a quen lle inchou a garganta coma un odre cheo de aire e que, cando os remedios aplicados polos médicos non conseguían curalo, se logrou tal efecto mediante o toque dunha cuncha, que levara ata alí un peregrino xacobeo” (4).

O número de enfermidades historicamente vinculadas ao fenómeno peregrinatorio xacobeo é, na súa dimensión europea, moito máis numeroso (5).

Historicamente, tamén consta que en certos momentos se desprazaron a Compostela **delegacións de cidades afectadas por epidemias de peste** e que viñan solicitar do Apóstolo Santiago, en nome dos seus conveciños, que os librase de tan mortal azoute.

e Xurado de Selección de Bolseiros, USC. Director do Comisionado da Xunta Promotora do Museo Histórico da Facultade de Medicina de Santiago. Director do Departamento de Anatomía, USC. Presidente da Comisión de Biblioteca, Facultade de Medicina da USC.

Actividade investigadora. Autor de máis de 8 libros de temática médica e outros 6 sobre historia e de temática histórico-artística. Dirixiu 18 memorias de licenciatura e 6 teses de doutoramento. Publicou 120 artigos especializados en revistas, nacionais e estranxeiras e outros 300 de temática médica e paramédica en xornais. Impartiu máis de 1100 conferencias. Coordinador e editor de artigos e libros sobre temas culturais en diferentes idiomas (“Camiños de Santiago”; “Codex Calistinus”...). Codirector de escavacións arqueolóxicas en diversos xacementos; organizador da Medicina Galega na RAMECG. Varias exposicións internacionais, de temática histórico-artística, promotoras da cidade de Santiago, de Galicia e do Camiño de Santiago.

Premios e distincións. Membro das Academias nacionais da Historia e Belas Artes de España, Portugal e a República Dominicana e outras entidades científicas (CSIC) e culturais de Galicia, de España e internacionais. Medallas e insignias de ouro de asociacións culturais e deportivas.

Cargos públicos. Tenente alcalde de Santiago, comisario Xacobeo de Galicia, asesor especial do presidente da Xunta de Galicia, representante no Padroado Municipal de Turismo, Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, Consello Galego de Saúde, Consello de Acción Exterior. En 2016 foi elixido como “Personalidade Sanitaria Galega do Ano”. Recibiu numerosas condecoracións: Ordenes do “Merito Naval” (España); Infante Dom Enrique (Portugal); Santo Tomás Apóstol (República Democrática de São Tomé e Príncipe), entre outras, como “personalidades galegas de recoñecido prestixio no ámbito internacional”.

Convén sinalar que desde mediados do século IX, e como consecuencia da aparición sobrenatural de Santiago na batalla de Clavijo, librada naquela localidade rioxana como unha das moitas que enfrontaron a cristiáns e musulmáns no longo proceso de reconquista da Península Ibérica, este apóstolo pasou a ser venerado como protector dos primeiros e, con iso, a súa igrexa-sepulcro adquiriu a consideración de Santuario Nacional de España.

2. **Enfermidades inducidas polo feito de peregrinar.** O percorrido de tan longos traxectos que, iniciados en infinitos puntos de Europa, converxían sobre a tumba apostólica, na súa maioría efectuados integralmente a pé, con distancias que chegaron aos 3000 quilómetros e en altitudes variables e con tramos de alta cota montañosa, produciron un longo cúmulo de incidencias, con efectos patolóxicos que podemos clasificar como segue:

— Patoloxía da locomoción (males dos pés). Comezaremos por lembrar, antes de nada e a título de exemplo, que só para un tramo ibérico do Camiño, desde Roncesvalles a Santiago, un adulto san e forte investía ao redor de 6 semanas en marcha apurada. Tales circunstancias, con irregularidades moi variables do terreo e cambios na súa altitude (subidas-baixadas), determinaban inexorablemente a formación de bochas, chagas, callos e, mesmo, por inevitables tropezóns, luxacións e fracturas. No *Romance de Don Gaiferos*, que conta a peregrinación en 1137 de Guillermo X, conde de Poitiers e Aquitania, sintetízanse así as lesións precitadas: “Os pés leva cheos de sangue; xa non pode máis andar; malpocado, pobre vello, non sei se alí chegará” (6).

Comprendemos, por todo iso, a acción asistencial que se lles prestaba aos pés ao terminar cada xornada: a lavadura destes con diversas substancias (augas de rosas, mirtos, salvias) de suposta acción tónico-curativa ou mesmo a aplicación de ungüentos destinados a endurecer a pel (mestura de sebo con augardente e aceite de oliva) etc. (7)

— Agresións intraespecíficas. É dicir, agresións home-home, que ían desde as suscitadas por bandoleiros que espoliaban o peregrino e que o maltrataban fisicamente e contra cuxos abusos actuaban, en moitos casos, as ordes militares, entre elas a de Santiago, ata as liortas entre os propios peregrinos que ás veces chegaban ás mans ou mesmo aos coitelos en casos tan impropios coma o de disputarse un lugar máis próximo á tumba-altar do Santo Apóstolo. Houbo casos de “morte” coa necesidade de repurificar o templo, “manchado” pola nefanda comisión de semellante delito-pecado.

Un caso moi peculiar de lesións intraespecíficas tivo que ver coa peregrinación de D. Suero de Quiñones, cabaleiro leonés que concorreu a Santiago en 1434 despois da súa famosa xesta como “mantedor” da ponte sobre o río Órbigo na localidade de Hospital de Órbigo, provincia de León. Alí combateu, limpamente, contra os que se enfrontaron amigablemente a el e aos seus compañeiros, co resultado dun morto e diversos feridos. O campo para tal torneo, instalado na beira dereita do río, contaba cunha tenda de campaña para a atención dos cabaleiros lesionados, a cargo dun médico, un cirurxián e varias “donas” en función de enfermeiras. D. Suero, triunfador no seu empeño de soste a ponte, veu a Compostela para lle dar as grazas ao Apóstolo pola vitoria e deixoulle, como ofrenda, a “presea” que levaba cinguida ao brazo, unha xoia de prata dourada e con esmaltes, con algunhas perlas e unha interesante inscrición referente á dama en cuxo honra Suero convocara as referidas “xustas” (8).

En 1747, documentouse un caso moi especial deste tipo de agresións; a que padeceu o peregrino italiano Nicola Albani, procedente da localidade de Melfi, cando ía camiño de Lisboa, tras cumprir a súa viaxe a Compostela. Neste tramo, cando pasaba as montañas próximas á poboación de Ponte de Lima, foi atacado por quen logo se soubo que era o máis perigoso bandoleiro da zona, quen o agrediu con espada para roubalo e matalo e de quen se defendeu Albani co seu báculo de peregrino, provisto cun afiado regatón de ferro, dando morte ao referido bandido (9).

- Agresións extraespecíficas. Son as producidas ao home polo ataque de animais, calquera que estes sexan. Certamente que as houbo, aínda que moitas non aparecen consignadas nos relatos de peregrinación. En certa medida, o báculo –unha especie de bastón que sempre levaban os camiñantes– cumpría non só o papel dun apoio físico durante a marcha, senón ademais, como referimos no caso preferente, o dunha lanza, pois co seu afiado regatón servía tamén de arma ofensiva-defensiva contra as alimarias.

Para quen cruzaba a rexión francesa da Landas, xa lembra o *Codex Calixtinus* os perigosos que resultaban os enxames dos tabáns e das avespas (10).

- Afeccións contaxiosas. No decurso da súa marcha cara a ou desde Compostela, os peregrinos ían xuntándose uns a outros por obvias razóns de mutua axuda ante calquera adversidade. Así chegaban a integrar auténticas “bandas” que, nalgúns momentos, mesmo ordenaban o paso a toque de tambor. Esta masificación, que levaba emparellada certo grao de vida

colectiva, xunto cos pasos por vilas e cidades e a estancia en conventos, hospedaxes, hospitais etc., facilitou a propagación de enfermidades infecto-contaxiosas, tales como o cólera, o tifo, as vexigas, a peste e os males venéreos. Destes últimos, convén precisar a probada existencia de rameiras que, singularmente en certos lugares do percorrido, e nos propios albergues e mesóns, tentaban os peregrinos e demais viandantes co seu comercio carnal, o que determinaba a impureza espiritual, ademais da probable infección do corpo.

